# memoria de actividades deportivas



## CURSO 2013-2014

Servizo de Deportes
Universida de Vigo





# DEPORTE PARA INCONFORMISTAS







Train Talk













Campus ConVida



Roteiros Culturais











Cidade Universitaria 10km
HAPPY GO R··NNING

**edita**
Servizo de Deportes, Universidade de Vigo

**deseño e maquetación**
magenta

**imprime**
rocarpe

**depósito legal**

# ÍNDICE




4 JUANJO CRESPO. RECOÑECEMENTO

5 MANUEL FERNÁNDEZ IGLESIAS. VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS

1. ACTIVIDADES DE LECER E INICIACIÓN DEPORTIVA

6 1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS
6 1.2 CENTROS DEPORTIVOS ABERTOS
6 1.3. OUTROS CURSOS E ACTIVIDADES DE INICIACIÓN

2. ACTIVIDADES NA NATUREZA

8 2.1. RUTAS CULTURAIS
8 2.2. DELECER: NATUREZA E AVENTURA
8 2.3. AUGAVENTURA CAMPUS MAR LIFE
8 2.4. ACTIVIDADES NA NEVE

3. DEPORTE E SAÚDE

9 3.1. EXERCICIO FÍSICO PERSONALIZADO
9 3.2. MEDICINA DEPORTIVA
10 3.3. FISIOTERAPIA
10 3.4. PROXECTO CAMPUS DE OURENSE SAUDABLE, CAMPUS CONVIDA
10 3.5. OUTRAS ACTUACIÓNS

4. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS

11 4.1. COMPETICIÓNS INTERNAS
13 4.2. CAMPIONATOS GALEGOS INTERUNIVERSITARIOS
15 4.3. CAMPIONATOS DE ESPAÑA
16 4.4. XVII XOGOS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS GALAICO-DURIENSES

5. SECCIÓNS FEDERADAS

17 5.1. CAMPUS DE OURENSE
18 5.2. CAMPUS DE VIGO

6. EVENTOS

21 6.1. ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES
23 6.2. COA COLABORACIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES
24 6.3. SEDES DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS

7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

30 7.1. PROGRAMA DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR PRÁCTICAS DEPORTIVAS
30 7.2. BOLSAS E PRÁCTICAS DO ALUMNADO
31 7.3. PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E XORNADAS
32 7.4. CURSO SPORTIDENT

8. OUTRAS ACTUACIÓNS

33 8.1. CALIDADE
33 8.2. INTERNACIONALIZACIÓN
34 8.3. XESTIÓN AMBIENTAL
34 8.4. FORMACIÓN DO PERSOAL
34 8.5. IGUALDADE
35 8.6. V PREMIOS Á EXCELENCIA DEPORTIVA

9. SERVIZOS E VANTAXES

36 9.1. TARXETAS DEPORTIVAS UNIVERSITARIAS
36 9.2. TARXETAS PONTE EN FORMA
36 9.3. DESCONTOS PARA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

10. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

37 10.1. XESTIONADAS POLO SERVIZO DE DEPORTES
38 10.2. RELACIÓN DE ENTIDADES USUARIAS
39 10.3. CENTROS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS
40 10.4. ESPAZOS NON CONVENCIONAIS

11. COMUNICACIÓN WEB E REDES SOCIAIS

41 11.1. PÁXINA WEB
41 11.2. REDES SOCIAIS

42 12. ARQUIVO DE PRENSA

48 13. DIRECTORIO E ENTIDADES COLABORADORAS

# JUANJO CRESPO

*Recoñecemento*



*Queremos comezar esta recompilación do máis destacado no curso 2013/2014 deixando constancia do noso máis sincero agradecemento á gran contribución do Dr. Crespo Salgado ao desenvolvemento da práctica deportiva na Universidade de Vigo.*

*Licenciouse en Medicina e Cirurxía, foi médico especialista en Medicina da Educación Física e o Deporte e doutor en Medicina pola Universidad de Oviedo. Juan José Crespo foi ese faro que situou o Servizo de Deportes da Universidade de Vigo no camiño da súa máis xenuína misión.*

*No ano 2004 Juanjo Crespo chegou ao Servizo de Deportes como promotor dun novo servizo á comunidade universitaria. El foi o impulsor da Área de Deporte e Saúde, que verá por fin a luz no curso 2005/2006. Dende entón o Dr. Crespo ocupouse das consultas de medicina do deporte nos tres campus da Universidade de Vigo e, dende esa posición, impulsou sen descanso, aínda a pesar da súa enfermidade, a promoción dun estilo de vida máis activo e máis saudable.*

*Non menos importante foi a súa contribución á universidade como docente, como profesor asociado no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte dende o curso 2002/2003 no Departamento de Didácticas Especiais.*

# MANUEL FERNÁNDEZ IGLESIAS

*Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais*



*A actividade do Servizo de Deportes seguiu centrada na dinamización de programas e actividades para fomentar a participación do maior número de membros da comunidade universitaria en actividades físico-deportivas de forma regular. De xeito destacado, o curso estivo marcado pola consolidación do Campus Ourense ConVida, polo aumento das persoas usuarias dos servizos da Área de Deporte e Saúde no Campus de Pontevedra e mesmo pola efectividade das estratexias de internacionalización do servizo. Con todo, o feito máis relevante foi a irreparable perda do doutor Juan José Crespo Salgado, iniciador e dinamizador dos servizos médico-deportivos dende a súa xestación durante o curso 2004/2005.*

# 1. ACTIVIDADES DE LECER E INICIACION DEPORTIVA

*"Se o deporte non existira, o mundo sería máis aburrido". Valentino Rossi*



## 1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS

Este programa continúa a ser, xunto co de centros deportivos abertos, o máis relevante en canto á motivación para iniciarse na práctica deportiva e á consolidación de hábitos e estilos de vida máis activos e saudables. Segue adiante coa intención de que a comunidade universitaria saque vantaxe do seu tempo de lecer, mediante a recreación e a aprendizaxe das diferentes disciplinas deportivas.

Preto de 2200 inscricións cuadrimestrais participaron no conxunto dos tres campus neste programa en máis de corenta actividades diferentes. Cabe salientar que no Campus de Ourense dos 195 participantes 128 foron mulleres. Nos campus de Vigo e Pontevedra as porcentaxes de participación de homes e mulleres no programa estiveron certamente equilibradas. No Campus de Vigo as actividades de ioga, natación e bailes rexistraron maior participación feminina.

## 1.2 CENTROS DEPORTIVOS ABERTOS

Establecéronse neste curso académico máis e mellores acordos de colaboración con centros deportivos para acadar o acceso regular dos membros da comunidade universitaria a máis actividades, a novos horarios e con mellores prezos. Así, máis persoas usuarias puideron acceder a ximnasios e centros de *fitness* privados e públicos próximos aos lugares de residencia en condicións moi vantaxosas.

Cóntase xa con nove centros deportivos no Campus de Vigo, con oito en Ourense e dous en Pontevedra. No caso do Campus de Vigo, a participación superou por vez primeira as 600 persoas usuarias (352 mulleres e 252 homes)

## 1.3. OUTROS CURSOS E ACTIVIDADES DE INICIACIÓN

### 1.3.1. ESCOLA DE TENIS (CAMPUS DE VIGO)

Na súa sétima edición este curso contou coa participación de 17 nenos e de 4 nenas, con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos, que recibiron clases adaptadas á súa idade e nivel deportivo.

Durante todos os sábados do curso escolar, os máis cativos recibiron unha aprendizaxe moi lúdica, insistindo na adquisición de hábitos saudables e tomando conciencia de valores deportivos fundamentais para que nun futuro poidan chegar a representar a nosa universidade a nivel federado.

### 1.3.2. PLAN PREPARA OS 10 KM HAPPYGORUNNING

Cinco persoas da comunidade universitaria participaron no plan de preparación para a carreira de 10 km a pé que se desenvolveu o 27 de abril. Esta actividade dirixiuse a persoas que non participaran anteriormente en carreiras de fondo e que precisaban axuda para afrontar por primeira vez o reto dos 10 km. O programa incluíu unha sesión presencial de adestramento semanal no parque de Castrelos de Vigo e dúas na sala cardio-*fitness* do campus, ademais da supervisión e seguimento por parte de Jorge Castro, adestrador nacional de atletismo.





# DATOS ESCOLAS DEPORTIVAS

## OURENSE

| | 1º CUADRIMESTRE | | 2º CUADRIMESTRE | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | HOMES | MULLERES | HOMES | MULLERES | TOTAL |
| ADESTRAMENTO | - | 1 | - | 1 | 2 |
| AERÓBIC | - | 8 | - | 8 | 16 |
| *AQUAGYM* | - | 5 | - | - | 5 |
| BACHATA | - | 1 | - | 1 | 2 |
| *BREAKDANCE* | - | 5 | - | 3 | 8 |
| DANZA | - | 6 | - | 6 | 12 |
| DANZA | - | 3 | - | 3 | 6 |
| DEFENSA | - | 1 | - | 1 | 2 |
| *HAPKIDO* | 5 | 2 | 5 | - | 12 |
| IOGA | - | 1 | - | 1 | 2 |
| IUDO | 2 | 1 | - | 1 | 4 |
| NATACIÓN | 4 | 3 | 2 | 1 | 10 |
| PÁDEL | 1 | 3 | - | 1 | 5 |
| PILATES | 1 | 7 | - | 11 | 19 |
| RUGBY | - | 6 | - | 4 | 10 |
| SALVAMENTO | - | 1 | - | 1 | 2 |
| SQUASH | 1 | 1 | - | - | 2 |
| TAICHÍ | - | 1 | - | 2 | 3 |
| TENIS | 11 | 11 | 9 | 4 | 35 |
| TENIS INFANTIL | 8 | 10 | 9 | 10 | 37 |
| VOLEIBOL | 9 | 16 | 6 | 15 | 46 |
| *WUSHU* | 2 | 2 | 2 | 2 | 8 |
| XADREZ | 2 | 3 | 2 | 3 | 10 |
| **TOTAL** | **46** | **98** | **35** | **79** | **258** |

## PONTEVEDRA

| | 1º CUADRIMESTRE | | 2º CUADRIMESTRE | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | HOMES | MULLERES | HOMES | MULLERES | TOTAL |
| AEROBIC | 1 | 51 | 1 | 17 | 70 |
| ARTES MARCIAIS MIXTAS | 7 | 5 | - | 1 | - |
| PILATES | 1 | 11 | 2 | 11 | 25 |
| TAICHÍ | - | 4 | 1 | 5 | 10 |
| **TOTAL** | **9** | **71** | **4** | **33** | **117** |

## VIGO

| | 1º CUADRIMESTRE | | 2º CUADRIMESTRE | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | HOMES | MULLERES | HOMES | MULLERES | TOTAL |
| *AQUAGYM* | - | 4 | - | - | 4 |
| ATLETISMO | 6 | 2 | 12 | 2 | 22 |
| IOGA | 4 | 25 | 7 | 29 | 65 |
| MEDITACIÓN | 2 | 3 | 5 | 7 | 17 |
| NATACIÓN | 27 | 12 | 17 | 12 | 68 |
| ORIENTACIÓN E GPS | - | 1 | - | - | 1 |
| SQUASH | 8 | 5 | - | - | 13 |
| TENIS | 27 | 12 | 31 | 15 | 85 |
| XADREZ | 33 | 9 | - | - | 42 |
| **TOTAL** | **107** | **73** | **72** | **65** | **317** |

# 2. ACTIVIDADES NA NATUREZA

*" 'Imposible' non é un feito, é unha opinión. 'Imposible' non é unha declaración, é un reto. 'Imposible' é potencial. 'Imposible' é provisional, 'Imposible' non é nada". Muhammad Ali*



## 2.1. RUTAS CULTURAIS

Un curso máis, este programa organizado baixo a dirección do Club Universitario de Cultura e Ocio do Campus de Ourense e destacou pola súa diversidade.

A ruta en catamarán polos canóns do Sil, a nevada durante a ruta de San Mamede ou a participación do investigador e biólogo portugués Pedro Gomes na ruta das praias de Portugal deixaron unha grata pegada nos participantes. A media de participación foi superior ás 80 persoas, procedentes dos tres campus universitarios, e rexistrouse un total de 1003 inscricións no total das once rutas do programa.

| RUTA E DATA | PARTICIPANTES |
|---|---|
| Ruta do Ribeiro – viñedos de Castrelo de Miño. OURENSE<br>Sábado 19 de outubro | 94 |
| Ruta Miño-Sil: catamarán e canóns. OURENSE<br>Sábado 9 de novembro | 110 |
| Ruta dos castros de Cualedro. OURENSE<br>Sábado 23 de novembro | 90 |
| Ruta "A universidade despide o outono". OURENSE<br>Sábado 14 de decembro | 80 |
| Ruta Vía Nova: Lobios – Aquis Querquennis. OURENSE<br>Sábado 25 de xaneiro | 104 |
| Ruta de San Mamede. OURENSE<br>Sábado 15 de febreiro | 88 |
| Ruta "Entre rías". PONTEVEDRA<br>Sábado 8 de marzo | 91 |
| Ruta do Xurés: pico da Nevosa. OURENSE<br>Sábado 22 de marzo | 90 |
| Ruta das praias de Portugal<br>Sábado 5 de abril | 96 |
| Ruta da Ribeira Sacra do Miño. PRG-162. LUGO<br>Sábado 26 de abril | 96 |
| Ruta do Morrazo – enseada de San Simón. PONTEVEDRA<br>Sábado 10 de maio | 64 |



## 2.2. DELECER: NATUREZA E AVENTURA

O programa de ocio e tempo libre vai xa pola súa décimo cuarta edición, cun programa que se desenvolveu nos meses de maio e xuño para buscar unhas óptimas condicións para a súa práctica.

Repetiuse a fórmula de tres actividades (parapente, paracaidismo e pontismo) na que tomaron parte 44 persoas (23 mulleres e 21 homes).

## 2.3. AUGAVENTURA CAMPUS MAR LIFE

Terceira edición do novo formato de actividades no medio acuático, grazas á alianza entre o Servizo de Deportes e o Campus do Mar.

Neste curso académico volveuse repetir a fórmula de outono e primavera cun programa de cinco actividades (surf, vela, mergullo, windsurf e descenso de rápidos) coa participación total de 289 persoas (156 mulleres e 133 homes), 136 na edición de outono e 153 na de primavera.

Este programa, mediante experiencias dun dia, tenta achegarlle o medio acuático á comunidade universitaria, facendo coñecer de xeito lúdico diversas modalidades acuáticas tanto no río como no mar.

## 2.4. ACTIVIDADES NA NEVE

Por cuarto ano consecutivo e grazas ao acordo con Prado Surf Escola, un grupo de universitarios e universitarias puideron vivir unha experiencia única nas estacións de montaña de San Isidro, en xaneiro e principios de febreiro, Leitaregs a finais de febreiro e San Sidro en marzo. O orientado ao esquí e *snowboard* incluía todos os servizos: clases, material, remontes, desprazamentos, aloxamento e manutención.




# 3. DEPORTE E SAÚDE

*"Fallei unha e outra vez na miña vida, por iso teño acadado o éxito". Michael Jordan*

## 3.1. EXERCICIO FÍSICO PERSONALIZADO

As unidades de actividade física desenvolveron un total de 563 programas personalizados de exercicio físico coas 272 persoas (68 % homes e 32 % mulleres) que demandaron estes servizos. Os tipos de programas máis solicitados foron os de condición física xeral (38,5 % do total), seguidos polos de iniciación ao exercicio (24 % do total).

A distribución dos tipos de programas personalizados por campus e xénero atópase na primeira táboa desta páxina.

## 3.2. MEDICINA DEPORTIVA

As unidades de medicina deportiva dos tres campus teñen como meta principal garantir a seguridade da comunidade universitaria na práctica de exercicio físico. Para acadar este obxectivo, as unidades traballan en tres liñas prioritarias: control regular e periódico das persoas participantes nos programas Ponte en forma, oferta de servizos e asesoramento médico-deportivo concreto a calquera persoa da comunidade universitaria que así o demande, e análise do risco cardiovascular de todas as persoas usuarias do servizo.

### 3.2.1 CONSULTAS DE MEDICINA DEPORTIVA

Durante este curso as persoas usuarias deste servizo realizaron un total de 412 consultas entre os tres campus, 106 menos que no curso anterior. Para isto hai unha explicación lóxica, debido ao acontecido co noso médico especialista en medicina deportiva.

### 3.2.2 CUESTIONARIOS DE *SCREENING* CARDIOVASCULAR

A Unidade de Medicina Deportiva realizou tamén a revisión dos cuestionarios de aptitude para o exercicio físico que todas as persoas usuarias deben cubrir antes de participar nalgunha das actividades do Servizo de Deportes.

Nos casos nos que as persoas mostraron antecedentes ou sinais de risco cardiovascular segundo as directrices do Colexio Americano de Medicina Deportiva (ACSM, 1998), a Unidade de Medicina Deportiva púxose en contacto con elas para ofrecerlles a posibilidade de realizar un recoñecemento médico que aclarase a súa situación e garantise a seguridade da súa práctica deportiva.

| | OURENSE | | | PONTEVEDRA | | | VIGO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXERCICIO FÍSICO PERSONALIZADO** | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL |
| INICIACIÓN AO EXERCICIO FÍSICO | 40 | 31 | 71 | 15 | 22 | 37 | 10 | 16 | 26 |
| CONDICIÓN FÍSICA XERAL | 19 | 15 | 34 | 58 | 20 | 78 | 76 | 29 | 105 |
| PERDA DE PESO | 9 | 11 | 20 | 4 | 9 | 13 | 9 | 2 | 11 |
| FORZA E HIPERTROFIA | 2 | 0 | 2 | 87 | 0 | 87 | 39 | 1 | 40 |
| DEPORTE DE COMPETICIÓN | 2 | 0 | 2 | 4 | 3 | 7 | 0 | 0 | 0 |
| RECUPERACIÓN DE LESIÓNS | 11 | 7 | 18 | 0 | 2 | 2 | 6 | 4 | 10 |
| **TOTAL** | **83** | **64** | **147** | **168** | **56** | **224** | **140** | **52** | **192** |

| | OURENSE | | | PONTEVEDRA | | | VIGO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CONSULTAS DE MEDICINA DEPORTIVA** | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL |
| CONSULTAS POR LESIÓN | 10 | 1 | 11 | 7 | 2 | 9 | 5 | 2 | 7 |
| PROBA DE ESFORZO | 5 | 1 | 6 | 4 | 0 | 4 | 15 | 1 | 16 |
| CONSULTAS DIETÉTICAS | 2 | 6 | 8 | 2 | 3 | 5 | 0 | 0 | 0 |
| ANTROPOMETRÍA | 1 | 1 | 2 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| REVISIÓN MÉDICO-DEPORTIVA BÁSICA | 24 | 11 | 35 | 6 | 2 | 8 | 18 | 2 | 20 |
| REVISIÓNS PROGRAMA PONTE EN FORMA | 32 | 21 | 53 | 61 | 27 | 88 | 97 | 42 | 139 |
| **TOTAL** | **74** | **41** | **115** | **81** | **34** | **115** | **135** | **47** | **182** |




## 3.3. FISIOTERAPIA

As unidades de fisioterapia ofertan servizos de fisioterapia para a comunidade universitaria en cada un dos tres campus da universidade. Durante o curso 2013/2014 realizáronse en total 422 sesións de fisioterapia, que duplican as do curso anterior.

## 3.4. PROXECTO CAMPUS DE OURENSE SAUDABLE, CAMPUS CONVIDA

O proxecto Campus Convida, que se iniciou no ano 2011 coa colaboración do Consello Social e a Vicerreitoría do Campus de Ourense, continuou co desenvolvemento das súas principais actividades como son os Martes Convida, que este ano se estenderon ademais aos campus de Pontevedra e Vigo, ou os obradoiros (Cociña saudable, Promotores de saúde e sexualidade).

Ao finalizar o actual curso académico, realizouse tamén a avaliación final do proxecto despois de catro anos de existencia e que serviu para comparar os resultados obtidos cos da enquisa inicial de diagnose realizada no ano 2011 polo alumnado de primeiro curso.

A actividade desta iniciativa ourensá que comezara no ano 2011 incluíu o inicio do proceso de avaliación dos seus impactos no alumnado que cumpre o cuarto ano de estancia na Universidade de Vigo.

Nesta campaña de sensibilización participaron 767 persoas universitarias de idades comprendidas entre os 17 e os 30 anos, dos que o 60 % eran mulleres. Todas estas persoas tiveron a ocasión de recibir unha valoración da súa condición física por parte dun equipo de especialistas, así como orientacións personalizadas para seguir un estilo de vida máis saudable e activo.

## 3.5. OUTRAS ACTUACIÓNS

### 3.5.1. PARTICIPACIÓN NA REDE ESPAÑOLA DE UNIVERSIDADES SAUDABLES (REUS)

A Universidade de Vigo asistiu ao primeiro encontro *«Estilos de vida saludables en la universidad: estrategias de intervención en el marco de la Red Española de Universidades Saludables (REUS)»* que a Escola de Saúde Pública de Menorca desenvolveu do 18 ao 20 de setembro de 2013 e que contou con participación de máis de vinte e cinco universidades.

María Lameiras, vicerreitora do Campus de Ourense, foi a persoa que acudiu en representación da Universidade de Vigo para dar a coñecer o proxecto Campus Ourense ConVida, o cal espertou un grande interese entre as persoas asistentes.

O encontro concluíu co compromiso unánime de todas as universidades para traballar no desenvolvemento de proxectos comúns entre as institucións da REUS e impulsar a promoción da saúde no ámbito universitario.

### 3.5.2. CURSO DE MEDIADORES EN PROMOCIÓN E EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

O Campus de Ourense, xunto coa Facultade de Ciencias da Educación, celebrou nos meses de marzo e abril de 2014 un curso dirixido a membros da comunidade universitaria, enfermeiros/as, psicólogos/as, traballadores/as sociais, fisioterapeutas, médicos/as e farmacêuticos/as. Dentro do curso tratáronse temas diversos como os hábitos de vida activos, necesidades nutricionais e composición corporal, a identidade sexual ou o deseño de programas de prevención e promoción da saúde.

| | OURENSE | | | PONTEVEDRA | | | VIGO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FISIOTERAPIA | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL |
| ALUMNADO | 22 | 12 | 34 | 3 | 10 | 13 | 8 | 24 | 32 |
| PAS/PDI | 67 | 76 | 143 | 14 | 9 | 23 | 45 | 103 | 148 |
| OUTROS | 10 | 3 | 13 | 14 | 0 | 14 | 0 | 2 | 2 |
| **TOTAL** | **99** | **91** | **190** | **31** | **19** | **50** | **53** | **129** | **182** |



# 4. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS

*"Escolla ser positivo. Ten esta opción, é dono da súa actitude. Escolla ser positivo e constructivo. Optimismo é o fío para o éxito". Bruce Lee*

## 4.1. COMPETICIÓNS INTERNAS

No conxunto dos tres campus, tomaron parte na fase regular das ligas preto de 2300 persoas agrupadas en 181 equipos. Un dos aspectos salientables foi a consolidación da competición de fútbol sala feminino, con seis equipos e case sesenta xogadoras participantes, que disputaron tamén o torneo de copa (Copa Fair Play).

No conxunto de competicións internas, tanto en modalidades de práctica individual como nas competicións por equipos participaron ao redor de 2600 membros da comunidade universitaria, dos que a presenza feminina se situou en torno ao 18 %.

### 4.1.1. LIGAS UNIVERSITARIAS

O programa Ligas universitarias está dirixido ás persoas da comunidade universitaria e inclúe diversas modalidades deportivas de competición, que varían segundo o campus. Con el trátase de darlle respostas ao interese polos deportes de equipo ao tempo que se fomentan valores como a deportividade e o compañeirismo. De novo o regulamento das ligas inclúe un sistema de puntuación Fair Play, que promove o xogo limpo e castiga a falta de deportividade.

No conxunto dos tres campus, tomaron parte na fase regular das ligas preto de

| FASE PREVIA LIGAS OURENSE | Nº DE EQUIPOS | Nº DE PARTICIPANTES | EQUIPO GAÑADOR |
|---|---|---|---|
| FÚTBOL 7 MASCULINO | 13 | 130 | Equipo Garden |
| FÚTBOL SALA MASCULINO | 20 | 160 | Que Nivel Maribel |
| BALONCESTO MASCULINO | 4 | 32 | Lusco e Fusco |
| **TOTAL** | **37** | **322** | |

| FASE PREVIA LIGAS PONTEVEDRA | Nº DE EQUIPOS | Nº DE PARTICIPANTES | EQUIPO GAÑADOR |
|---|---|---|---|
| BALONCESTO MASCULINO | 5 | 55 | Drink Team |
| BALONMÁN MASCULINO | 1 | 14 | Eternos Aspirantes |
| FÚTBOL SALA FEMININO | 2 | 22 | Inneftas |
| FÚTBOL SALA MASCULINO | 13 | 143 | 7 a 9 CAFYD |
| FÚTBOL 7 MASCULINO | 13 | 195 | Descansa |
| VOLEIBOL MIXTO | 3 | 33 (20 homes e 13 mulleres) | Ya Perdimos |
| **TOTAL** | **37** | **462 (427 homes e 35 mulleres)** | |

| FASE PREVIA LIGAS VIGO | Nº DE EQUIPOS | Nº DE PARTICIPANTES | EQUIPO GAÑADOR |
|---|---|---|---|
| BALONCESTO MASCULINO | 12 | 136 | Cuvilingüe |
| BALONMÁN MIXTO | 1 | 14 mulleres | Femenino Existe |
| FÚTBOL SALA FEMININO | 8 | 96 | Parrulas |
| FÚTBOL SALA MASCULINO | 55 | 660 | S. D. Queixos de Bama |
| FÚTBOL 7 MASCULINO | 44 | 704 | Egua FSCM |
| VOLEIBOL MIXTO | 4 | 48 (30 homes e 18 mulleres) | Descansa |
| **TOTAL** | **120** | **1658 (1548 homes e 110 mulleres)** | |

| FASE FINAL INTERCAMPUS | Nº DE EQUIPOS | Nº DE PARTICIPANTES | 1º CLASIFICADO | 2º CLASIFICADO | 3º CLASIFICADO |
|---|---|---|---|---|---|
| FÚTBOL SALA MASCULINO | 3 | 21 homes | Ourense | Vigo | Pontevedra |
| FÚTBOL 7 MASCULINO | 3 | 27 homes | Pontevedra | Vigo | Ourense |



2300 persoas agrupadas en 181 equipos. Un dos aspectos salientables foi a consolidación da competición de fútbol sala feminino, con seis equipos e case sesenta xogadoras participantes, que disputaron tamén o torneo de copa (Copa Fair Play).

No conxunto de competicións internas, tanto en modalidades de práctica individual como nas competicións por equipos, participaron ao redor de 2600 membros da comunidade universitaria, dos que a presenza feminina se situou en torno ao 18 %.

Os equipos vencedores da fase previa de campus pasaron á fase final intercampus, que neste curso se disputou en Pontevedra.

No conxunto dos tres campus, tomaron parte na fase regular das ligas preto de 2300 persoas agrupadas en 181 equipos. Un dos aspectos salientables foi a consolidación da competición de fútbol sala feminino, con seis equipos e case sesenta xogadoras participantes, que disputaron tamén o torneo de copa (Copa Fair Play).

No conxunto de competicións internas, tanto en modalidades de práctica individual como nas competicións por equipos, participaron ao redor de 2600 membros da comunidade universitaria, dos que a presenza feminina se situou en torno ao 18 %.

## 4.1.2. COPA FAIR PLAY

Os equipos que tomaron parte nas ligas universitarias tiveron a oportunidade de disputar, logo de finalizar a fase intercampus, a Copa Fair Play, unha competición disputada polo sistema de copa, con enfrontamentos directos a un partido:

- Fase previa: do 6 de marzo ao 9 de abril de 2014.
- Fase final: Campus de Ourense, 29 de abril de 2014.
- Participantes na fase final: 48 homes distribuídos en nove equipos.

| FASE PREVIA COPA OURENSE | Nº DE EQUIPOS | Nº DE PARTICIPANTES | EQUIPO GAÑADOR |
|---|---|---|---|
| FÚTBOL 7 MASCULINO | 9 | 128 homes | 1.º Esei F. S. |
| FÚTBOL SALA | 15 | 145 homes | Chamba na Cona |
| **TOTAL** | **24** | **273 homes** | |

| FASE PREVIA COPA PONTEVEDRA | Nº DE EQUIPOS | Nº DE PARTICIPANTES | EQUIPO GAÑADOR |
|---|---|---|---|
| BALONCESTO | 2 | 24 homes | Drink Team |
| FÚTBOL SALA MASCULINO | 7 | 77 homes | Pabellón Team |
| FÚTBOL 7 MASCULINO | 8 | 120 homes | Nothingam Prisa |
| **TOTAL** | **17** | **221 homes** | |

| FASE PREVIA COPA VIGO | Nº DE EQUIPOS | Nº DE PARTICIPANTES | EQUIPO GAÑADOR |
|---|---|---|---|
| BALONCESTO | 4 | 48 homes | Erutah Jazz |
| FÚTBOL SALA FEMININO | 6 | 48 mulleres | Parrulas |
| FÚTBOL SALA MASCULINO | 24 | 288 homes | Florida |
| FÚTBOL 7 MASCULINO | 21 | 336 homes | Amigos do LK |
| **TOTAL** | **55** | **720 (672 homes e 48 mulleres)** | |

| FASE FINAL COPA | Nº DE EQUIPOS | Nº DE PARTICIPANTES | EQUIPO GAÑADOR |
|---|---|---|---|
| BALONCESTO | 3 | 33 homes | Erutah Jazz |
| FÚTBOL SALA MASCULINO | 3 | 36 | Florida F. S. |
| FÚTBOL 7 MASCULINO | 3 | 45 | Amigos do LK |
| **TOTAL** | **9** | **114 homes** | |





Fase previa no Campus de Pontevedra: do 6 de marzo ao 9 de abril de 2014

Fase previa no Campus de Vigo: do 6 de marzo ao 9 de abril de 2014

A fase final da copa Fair Play disputouse o 29 de abril de 2014 no Campus de Pontevedra nas modalidades de baloncesto, fútbol sala e fútbol 7. Resultaron vencedores, en todas elas, o equipo representativo do Campus de Vigo.

Fase final no Campus de Pontevedra: 29 de abril de 2014

## 4.1.3. CAMPIONATOS INDIVIDUAIS

### Tenis de mesa

Lugar: pavillón de deportes do Campus de Vigo

Data: 20 de marzo

Modalidades: individual masculino, individual feminino e dobres masculinos

Número de participantes: 12

**CLASIFICACIÓN**

1º clasificado IM: David González
2º clasificado IM: Rodrigo Graña
1º clasificado DM: Rodrigo Álvarez/Antón Ocampo
2º o clasificado DM: Rodrigo Graña/David González
1ª clasificada IF: Olaya Cea
2ª clasificada IF: Laura Blanco

### Tenis

Lugar: pistas de tenis do Campus de Vigo

Fase previa: do 10 ao 14 de marzo

Fase final: 19 e 20 de marzo

Modalidades: individual masculino e dobres masculinos

Número de participantes:33

**CLASIFICACIÓN**

1º clasificado IM federados: Rodrigo Figueroa Vázquez
2º clasificado IM federados:
1º clasificado IM non federados: Óscar Mariño
2º clasificado IM non federados: Adrián Rial
1ª clasificada IF: Mireia Lago
2ª clasificada IF: Lucía Rivas

### Pádel



Lugar: Círculo Mercantil de Vigo

Datas: do 24 ao 27 de marzo

Modalidades: mixto

Número de participantes: 36

**CLASIFICACIÓN**

1º clasificado: Rodrigo Bernárdez Casas/Diego Monje Alonso
2º clasificado: Hugo Castro Belendas/Enrique Martínez Torrón

## 4.2. CAMPIONATOS GALEGOS INTERUNIVERSITARIOS

## 4.2.1. CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE XADREZ

A Universidade de Vigo, un ano máis, foi a de maior representación con 46 xogadores, 44 na categoría de promoción e 2 na absoluta. O equipo da Universidade de Vigo desprazou na categoría non federada 41 participantes da escola deportiva, e destacou o cuarto posto de Ignacio Fernández e o quinto de Daniel Gil. Na categoría federada Eduardo Rodríguez foi sétimo.

A Universidade de Santiago de Compostela fíxose co primeiro posto da clasificación por universidades e coa meirande parte do podio no nivel individual.

| PODIO ABSOLUTO | PODIO DE PROMOCIÓN | CLASIFICACIÓN POR UNIVERSIDADES |
|---|---|---|
| 1.º David Gomez Diéguez (USC) | 1.º Paulo Lemos Díaz (USC) | 1ª Santiago de Compostela |
| 2.º David Pérez Carballo (USC) | 2.º Daniel Codesido Sánchez (UDC) | 2ª A Coruña |
| 3.º Henrique Rey Malde (USC) | 3.º David Dorado Rodríguez (USC) | 3ª Vigo |





## 4.2.2. CAMPIONATO GALEGO INTERUNIVERSITARIO DE DEPORTES COLECTIVOS

A Universidade de Vigo organizou no Campus de Vigo o Campionato Galego de Deportes Colectivos cunha participación de 358 deportistas das tres universidades de Galicia en seis modalidades deportivas diferentes.

| MODALIDADE | Nº DE EQUIPOS | Nº DE PARTICIPANTES | EQUIPO GAÑADOR |
|---|---|---|---|
| BALONCESTO FEMININO | 3 | 36 | Universidade de Vigo |
| BALONCESTO MASCULINO | 3 | 42 | Universidade de Santiago de Compostela |
| BALONMÁN FEMININO | 2 | 28 | Universidade de Vigo |
| BALONMÁN MASCULINO | 3 | 42 | Universidade de Vigo |
| FÚTBOL 7 FEMININO | 3 | 48 | Universidade da Coruña |
| FÚTBOL 11 MASCULINO | 3 | 54 | Universidade de Santiago de Compostela |
| RUGBY FEMININO | 2 | 24 | Universidade da Coruña |
| RUGBY MASCULINO | 3 | 36 | Universidade da Coruña |
| VOLEIBOL FEMININO | 2 | 24 | Universidade de Santiago de Compostela |
| VOLEIBOL MASCULINO | 2 | 24 | Universidade de Santiago de Compostela |
| **TOTAL** | **26** | **358 (160 mulleres e 198 homes)** | |

## 4.2.3. CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE NATACIÓN

Participantes: 20

**CLASIFICACIÓN DEPORTISTAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

2º clasificado 50 m bolboreta masculino: Marc Ciurana Roca
3º clasificado 50 m bolboreta masculino: F. Javier Álvarez Martínez
1º clasificado 50 m costas masculino: Adrián Blanco Pérez
2º clasificado 50 m costas masculino: Guillermo Soto Martínez
1º clasificado 50 m braza masculino: José Ramón Rey Rodríguez
2º clasificado 50 m braza masculino: Carlos Alves Rivas
3º clasificado 50 m braza masculino: Martín Sabuz Forneiro
3ª clasificada 50 m braza feminino: María Luisa Pérez Lorenzo
2ª clasificada 50 m libre feminino: María Isabel Raña Ruiz
1º clasificado 200 m libre masculino: Marc Ciurana Roca
2º clasificado 200 m libre masculino: Iago Soto Lorenzo
1ª clasificada 200 m libre feminino: Beatriz Gómez Cortes
2º clasificado 100 m bolboreta masculino: Óscar Alonso Gato
1ª clasificada 100 m bolboreta feminino: Xenia Vilariño García
1º clasificado 100 m costas masculino: Óscar Alonso Gato
2º clasificado 100 m costas masculino: Adrián Blanco Pérez
3º clasificado 100 m costas masculino: Guillermo Soto Martínez
1ª clasificada 100 m costas feminino: Beatriz Gómez Cortes
1º clasificado 100 m braza masculino: Carlos Alves Rivas
2º clasificado 100 m braza masculino: José Ramón Rey Rodríguez
1º clasificado 100 m libre masculino: Iago Soto Lorenzo
2º clasificado en 100 m libre masculino: Ezequiel Quiroga Ramos
3º clasificado 100 m libre masculino: Miguel Ángel Garrido Castañal
1ª clasificada 100 m libre feminino: Xenia Vilariño García
2º clasificado 100 m estilos masculino: Miguel Ángel Garrido Castañal
2ª clasificada 100 m estilos feminino: Ana Cristina Morgadas Iglesias

**Clasificación por universidades**

A Universidade de Vigo clasificouse en primeira posición, con 276 puntos; a Universidade da Coruña rematou segunda, con 193 puntos; e a Universidade de Santiago de Compostela clasificouse en terceira posición, con 162 puntos.









### 4.2.4. CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE ORIENTACIÓN. A CORUÑA, 5 DE ABRIL DE 2014

Participantes da Universidade de Vigo: 22 (17 homes e 5 mulleres)

| RESULTADOS MÁIS SALIENTABLES UNIVERSIDADE DE VIGO |
| --- |
| 2º clasificado na categoría de homes: Javier Hortal Romera |
| 3ª clasificada na categoría de mulleres: Cristina Martínez-Menello Graña |

**Clasificación por universidades**

A Universidade da Coruña clasificouse en primeira posición, con 364 puntos; a Universidade de Vigo rematou segunda, con 357 puntos; e a Universidade de Santiago de Compostela clasificouse en terceira posición, con 295 puntos.

## 4.3. CAMPIONATOS DE ESPAÑA

Interviñeron 59 deportistas nas fases finais dos campionatos de España universitarios (CEU): 44 en deportes individuais e 15 en colectivos. Do total de participantes 19 eran mulleres e 40 homes.

**Resumimos os resultados máis destacados:**

### CEU de Natación (Universidad Católica de Murcia, Murcia, do 22 ao 24 de abril)

O equipo vigués acadou un total de cinco medallas. Sete rapaces, tres mulleres e catro homes conformaron un equipo que co seu esforzo e entrega superou todos os resultados acadados na historia. Xenia Vilariño logrou un bronce en 400 estilos, Marc Ciurana bronce en 400 estilos e, por último, Laura Pimentel tres bronces en 200, 400 e 800 libres.

### CEU de Atletismo en Pista (Universidad Católica de Murcia, Cartagena, do 8 ao 10 de maio)

O equipo da Universidade de Vigo acadou seis podios cun equipo integrado por nove atletas, tres mulleres e seis homes. Sergio Tellería foi ouro en salto con pértega, Carlos Revuelta prata en lanzamento de martelo, Carlos Porto prata nos 1500 metros lisos, Víctor Gallego bronce en lanzamento de disco e de peso e José Alfonso Palomanes bronce en triplo salto.

O máis salientable da nosa participación foi o ouro acadado por Sergio Tellería Fernández en salto con pértega, o primeiro da nosa universidade na historia desta disciplina. Cómpre sinalar as pratas de Carlos Porto e Carlos Revuelta.

### CEU de Taekwondo (Universidad Católica de Murcia, Los Alcázares [Murcia], do 7 ao 8 de maio)

A Universidade de Vigo logrou a medalla de prata por equipos a só un punto da Universitat de València. Dous ouros, dúas pratas e un bronce son os metais que permitiron un novo éxito deste equipo, pois estaba conformado por só nove integrantes. Lara Ouviña en lixeiro e Borja Ríos en galo conseguiron cadansúa medalla de ouro. Laura Lorenzo acadou a prata en minimosca, mentres que Francisco Padín en pluma. Katia Calvar bronce en pluma. O equipo de taekwondo da Universidade de Vigo está no podio dos estatais universitarios de xeito ininterrompido desde o ano 2002.

### CEU de Triatlón (Universidad Católica de Murcia, Los Alcázares [Murcia], do 31 de maio ao 1 de xuño)

Aida Valiño foi a gañadora desta competición, xa que ademais de ser a gran revelación da competición, dominouna de xeito esmagador e recibiu os eloxios de todos os competidores.

### CEU de Loita (Universidad Politécnica de Cartagena, Los Alcázares [Murcia], do 17 ao 19 de maio)

Só cinco deportistas inscritos, pero que obtiveron dous ouros. Cabe mencionar tamén que o seleccionador universitario español non lle permitiu a Noelia Lalín participar nesta competición, posto que estaba inmersa na preparación do equipo español que participaría días despois no Campionato do Mundo Universitario de Loita.

Eliseo Permuy acadou o ouro en libre olímpica de menos de 65 kg e Pablo García en grecorromana de menos de 74 Kg.








## 4.4. XVII XOGOS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS GALAICO-DURIENSES

Nesta edición da xa tradicional competición eurorrexional participaron as tres universidades de Galicia xunto coas tres principais universidades do norte de Portugal (Universidade do Porto, Universidade do Minho (Braga) e UTAD. O encontro tivo lugar nesta ocasión durante os días 19 e 20 de novembro.

Modalidades: fútbol sala, delegacións mixtas. Partidos alternativos. Baloncesto mixto. Xadrez mixto.

As competicións de xadrez e fútbol sala desenvolvéronse no Concello de Tomiño e a de baloncesto en Vilanova da Cerveira.

A clasificación xeral, na que se consideraban os resultados nas tres modalidades, foi igual que na edición anterior nos tres primeiros postos: a Universidade do Porto (16), a Universidade do Minho (12) e a Universidade de Vigo (11); a continuación clasificáronse a Universidade de Santiago de Compostela, UTAD e Universidade da Coruña.

A Universidade de Vigo resultou gañadora na competición de fútbol sala e estivo representada integramente por mozas e mozos do Campus de Ourense



# 5. SECCIÓNS FEDERADAS

*"Ningún xogador é tan bo como todos xuntos". Alfredo Di Stefano*

## 5.1. CAMPUS DE OURENSE

### 5.1.1. TENIS (CLUB DEPORTIVO DEREITO-EMPRESARIAIS)

Número total de licenzas federativas: 64 (52 de homes e 12 de mulleres).

#### Equipo absoluto masculino de primeira división

O primeiro equipo do club clasificouse de primeiro no seu grupo despois de superar o Club Santo Domingo, Chantada e Club Tenis Barco.

Na eliminatoria polo ascenso directo á división de prata non puido superar o equipo do casino ferrolán de tenis, no partido que polo sistema de Copa Davis se disputou en Ferrol.

#### Equipo veterano +35

Este equipo nesta temporada volveu descender da 1ª galega, polo que na próxima temporada competirá en 2ª.

#### Equipo veterano +45

O equipo dos maiores loitou tamén ata o final por ascender á 1ª galega da súa categoría, pero este non foi quen de clasificarse para as eliminatorias polo ascenso.

#### Equipo absoluto masculino de 2º e 3ª

Por primeira vez na historia dos vinte anos do club formáronse tres equipos absolutos masculinos. Os equipos de 2ª e 3ª mantiveron con comodidade as súas respectivas categorías.

Por outra banda, cómpre resaltar que o club organizou este ano 2014, con notable éxito de participación o II Torneo San Raimundo Peñafort, que gañou o xogador do club Pablo Mosquera Pérez.

### 5.1.2. BALONCESTO (CLUB DEPORTIVO UNIVERSIDADE DE VIGO)

Número total de licenzas federativas: 20.

#### Equipo masculino de 1ª división sénior

Rematou a tempada no posto 10.o, con 4 vitorias e 16 derrotas.

#### Equipo feminino

Xogou pola Copa Galicia no mes de outubro cunha vitoria e unha derrota. Con este resultado non foi posible que xogase a semifinal e foi eliminado do grupo norte.

Na liga regular feminina chegou o maior éxito na historia do club, que acadou o título de campión da liga autonómica. A citada clasificación propiciou a opción de xogar a fase de ascenso en Asturias, pero lamentablemente perdéronse os dous partidos que se xogaron contra Covadonga e Colegio Agustinos de Santander.

### 5.1.3. XADREZ

Número total de licenzas federativas: 18 (15 homes e 3 mulleres).

#### Equipos

A sección federada conta con dous equipos: Universitario Ourense A e Universitario Ourense B. O primeiro equipo participou na primeira división galega e o segundo na segunda.

O equipo A clasificouse primeiro no seu grupo de primeira división. Non puido ascender a preferente, xa que outro equipo de Vigo milita nela. O equipo B clasificouse como noveno na segunda división onde milita.

Para rematar, no circuíto de Galicia central foi durante o verán o equipo universitario de Ourense o campión por equipos. Graciela Gómez foi a campioa feminina e Javier Varasa o campión absoluto do circuíto.







## 5.1.4. RUGBY (CLUB ASOCIACIÓN RUGBY VETERANOS OURENSE, ARBO)

Número total de licenzas federativas: 96 (68 homes e 28 mulleres).

A sección componse de tres equipos: masculino, feminino e cadete. O masculino, con 40 fichas, xoga a liga galega; o feminino, con 28 fichas, xoga a liga galega; e o equipo cadete conta con 28 membros.

### Equipo sénior masculino

Competiu na primeira división territorial galega e quedou na quinta posición.

### Equipo feminino

Conseguiu o segundo posto da liga galega e tamén quedaron subcampioas da Copa Xunta. Sen dúbida ningunha foi unha gran segunda temporada de competición para o equipo feminino.

### Equipo cadete

Conseguiu o primeiro posto na liga galega, feito que lle deu praza no Campionato de España Sub 18 en Valladolid. A maiores xogáronse varios amigables en Portugal.

Durante o ano 2013 os equipos do club disputaron unha serie de partidos amigables de preparación tanto dentro do ámbito territorial como do nacional e internacional, e desprazáronse ata Portugal para xogar no país luso.

## 5.2. CAMPUS DE VIGO

## 5.2.1. RUGBY (BLUSENS UNIVERSIDADE DE VIGO)

200 licenzas: 30 femininas e 170 masculinas.

### Equipo absoluto masculino de división de honra

O Vigo Rugby Club, vinculado á Universidade de Vigo, foi quen de acadar a súa permanencia na máxima categoría do rugby estatal e xogará por cuarto ano consecutivo na liga de división de honra.

### Equipo absoluto feminino de liga galega

Acadaron a segunda posición na liga rexional galega, e un primeiro posto na liga de ascenso.

### Equipo absoluto masculino de liga galega

Ao remate da tempada acadaron a segunda posición na liga rexional galega.

## 5.2.2. XADREZ (UNIVERSIDADE DE VIGO)

62 deportistas (58 homes e 4 mulleres).

### Equipo absoluto masculino de división de honra galega

O ano 2014 caracterizouse pola entrega e tesón dos deportistas do equipo, o que os levou ao segundo posto da máxima competición autonómica a só medio punto do club gañador, Interrías-Sanxenxo.

No Campionato de España de Primeira División, celebrado do 4 ao 10 de setembro, acadou o quinto posto na clasificación xeral. Así, o Universidade de Vigo mantense entre o grupo selecto dos 16 mellores equipos españois.

### Resultados salientables a nivel individual

O mestre internacional Rafael Rodríguez López foi subcampión do II Torneo Internacional Cidade de Pontevedra (8-14 agosto).

O mestre Internacional Pablo García foi subcampión do I Torneo Internacional Fernando Marcote In Memoriam (16-24 de agosto).




## Outros resultados

Campionato de Europa Sénior Blitz, marzo de 2014 no Porto: António Fróis proclamouse campión de Europa veterano.

O mestre internacional Rafael Rodríguez López foi subcampión do II Torneo Internacional Cidade de Pontevedra (8-14 agosto).

VI Aberto Internacional Carlos I de Sanxenxo: Pablo García obtivo o subcampionato e rematou o torneo invicto e derrotou o gran mestre serbio Aleksa Strikovic; en definitiva campión.

O mestre internacional Pablo García foi subcampión do I Torneo Internacional Fernando Marcote In Memoriam (16-24 de agosto).

I Aberto Internacional Campus de Ourense: magnífica iniciativa do Campus de Ourense, na que Pablo García foi décimo primeiro, pero a un só punto do campión do torneo o gran mestre internacional Luís Galego.

## Equipo absoluto masculino de primeira galega

Nesta tempada o denominado «equipo interxeracional», onde xogan os máis novos e os máis veteranos, non puido manter a categoría e xogará na segunda división galega durante a próxima temporada.

## Equipo de base (UVigo 2020)

Proclamouse campión do seu grupo de terceira división e acada o ascenso á segunda categoría galega.

Rubén Fernández López proclámase campión galego sub 10.

Copa Galicia 2014: bronce do equipo liderado por Miguel Senlle.

## 5.2.3. TENIS

39 deportistas (29 homes e 10 mulleres).

Os equipos federados do C. D. Universidade de Vigo lograron varios dos obxectivos esperados durante a tempada 2013 e 2014.

## Equipo masculino de veteranos +35

Na fase de liga o equipo obtén o segundo posto do seu grupo e pasou á segunda fase, a eliminatoria. Nesta fase logra gañar todos os encontros e gañar a final da zona sur; queda campión galego por equipos vet +35 zona sur, o que lle permite subir á máxima categoría para o tempada 2014/2015.

## Equipo sénior feminino

O equipo feminino baixa da categoría ouro a prata.

## Equipo masculino A

Logra a permanencia na primeira categoría.

## Equipo masculino B

Consegue clasificarse como subcampión galego por equipos de segunda categoría, tras quedar primeiro de grupo na fase de liga sen perder nin un só partido, e fai o mesmo salvo na final na fase eliminatoria.

Lamentablemente non pode subir de categoría ao contar o Club Deportivo Universidade de Vigo cun equipo na categoría superior.

## 5.2.4. ORIENTACIÓN

Número de licenzas: 39 (24 homes e 15 mulleres).

Na clasificación xeral da temporada 2013 o equipo universitario vigués obtivo a terceira praza na clasificación xeral con 10.423 puntos, por detrás do Aromon de Pontevedra con 16.185 puntos e o Fluvial de Lugo con 16. 358.

A nivel individual destacan os tres primeiros postos de Julia Fuertes na categoría D-16, Ana Iglesias na D-35 e David E. Pinal na H-55. Ademais, Cristina Fernández foi a segunda clasificada en D-35, Begoña Crespo cuarta en D-45, Jose M. Álvarez quinto en H-elite e Vicente Pastoriza terceiro en H-35.

Hai que salientar tamén que durante 2013 constituíuse oficialmente a Federación Galega de Orientación (Fegado), na que a Universidade de Vigo foi un dos seus alicerces e no que Jose Luís Armada figura como vicepresidente.





## 5.2.5. CARREIRAS POPULARES

Na tempada 2013/2014 contouse con 25 atletas inscritos entre anuais e cuadrimestrais, e tramitáronse 13 licenzas federativas.

### Participación en carreiras

10 Km Cidade Universitaria-HappyGoRunning (27 de abril de 2014): 15 atletas

Primeira 24 horas de Castrelos por relevos: un equipo de 12 atletas

50ª Behobia San Sebastián (9 de novembro de 2014): 9 atletas

XV Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay 2014 (6 de abril): 7 atletas

Segunda edición 15 km del Atlántico (5 de outubro de 2014): 5 atletas

Medio Maratón A Coruña 21: 4 atletas

36ª edición Maratón Barcelona: 4 atletas

### Outras participacións individuais

Marathon Eindhoven 2014

Maratón do Porto 2014

IV Carreira Popular Torre de Hércules

I Media Maratón Ribadeo-As Catedrais

VIII Carreira Popular A Coruña 10 2014

XXXVII Carreira Pedestre Popular de Santiago 2014

XIX Medio Maratón Pontevedra 2014

Maralba Running Fest014

Media Maratón do Salnés O Grove-Cambados

### Resultados destacados

Pedro Comesaña Alfaro rematou o maratón de Eindhoven cun tempo de 2h 51min 42 s.

En *trail* de montaña os podios por parte de Paula Diz Ferreiros foron:

IV Chanderxa Trail (22 de xuño de 2014): 4ª absoluta, 3ª na súa categoría

Trail O Courel (24 de maio de 2014): 2ª absoluta

Trail Amigos da Montaña (24 de novembro de 2013, Barcelos): 5ª absoluta, 1ª categoría

Trail San Silvestre (8 de decembro de 2013, Cardielos, Portugal): 1ª absoluta

Trail do Boi (21 de febreiro de 2014, Quiroga): 1ª absoluta






# 6. EVENTOS

*"O traballo duro fíxoo doado. Ese é o meu segredo. Esa é a razón pola que gaño". Nadia Comaneci*

## 6.1. ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES

### 6.1.1. VIII 10 KM CIDADE UNIVERSITARIA: CARREIRA + ANDAINA (27 DE ABRIL, CAMPUS DE VIGO) HAPPY GO RUNNING

O evento, que este ano se celebrou o día 27 de abril, contou coa participación de 611 persoas, das que remataron 550. No caso da andaina, inscribíronse 60 persoas, polo cal viu aumentada a súa participación con respecto ao ano anterior, e cunha ruta máis flexible, de 10 Km igual que a carreira.

Como o ano anterior, o evento estivo marcado cun compoñente solidario, xa que un euro da inscrición foi doado á campaña «Gotas para Níger» de Unicef, coa cal buscaban levar auga potable a esta rexión; por outro lado, seguiuse apostando por tomar medidas en determinados aspectos para reducir, na medida do posible, os efectos deste evento no medio natural.

Este ano, ademais, o evento pasou a recibir o nome de «10 Km Happy go Running». Trátase dun cambio tanto estético como de filosofía e temática da proba para dotala dunha identidade propia máis recoñecible, experiencial e interactiva. En paralelo ao evento lanzáronse concursos como o «Show your Happiness» en redes sociais, baseado en enviar fotografías no que a felicidade e o deporte estivesen relacionados, e o *photocall* dispoñible o día de celebración da proba, no que a foto máis orixinal tería premio. Ambas as probas estaban recompensadas cun «Plan B» de Viaxes Barceló para os gañadores, que se outorgaron na cerimonia de entrega de premios xunto cos gañadores nas categorías da carreira.

| | MASCULINO | TEMPO |
|---|---|---|
| 1º | Manuel Ángel Penas Blanco | 00:30:49 |
| 2º | Víctor Riobó Villanueva | 00:31:22 |
| 3º | Robertas Geralavicius | 00:31:23 |

| | FEMININO | TEMPO |
|---|---|---|
| 1º | Sandra Mosquera Losada | 00:38:21 |
| 2º | Águeda Ofelia Blanco Pérez | 00:38:38 |
| 3º | Mª Estela Estévez Barreiro | 00:38:41 |

### 6.1.2. TROFEO UNIVERSIDADE DE VIGO DE ORIENTACIÓN: EVENTO VERDE (31 DE MAIO, CAMPUS DE VIGO)

A Universidade de Vigo, a través do Servizo de Deportes, organizou o XIII Trofeo Universidade de Vigo de Carreiras de Orientación (sexta proba do calendario oficial da liga galega 2014). Trescentas corenta e sete persoas de toda Galicia participaron na proba, que por segundo ano consecutivo tivo lugar no Parque do Coñecemento da universidade, cunha superficie de 2.400 m$^2$.

A carreira desenvolveuse en dezasete categorías que empregaron nove percorridos diferentes, desde a iniciación ata a elite, que foron os que completaron o percorrido do plano.

Ao carácter de evento verde, que permitiu a plantación no campus de 54 árbores para compensar a pegada de carbono da anterior edición, sumouse este ano un enfoque solidario, animando todos os participantes a achegar un euro para colaborar con Discamino, un proxecto dirixido a facer realidade o soño de persoas con diferentes discapacidades de peregrinar a Santiago de Compostela.

**CATEGORÍA DE ELITE FEMININA**

| | DORSAL | NOME | AN | CLUB | TEMPO |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º | 376 | Ana Varela Yáñez | 79 | A Coruña Brigantia | 1:26:07 |
| 2º | 180 | Isabel Pastoriza Santos | 74 | Vigo Universidade de Vigo | 1:26:45 |
| 3º | 236 | Pilar Veiga Barbazón | 65 | Santiago USC | 1:33:10 |

**CATEGORÍA DE ELITE MASCULINA**

| | DORSAL | NOME | AN | CLUB | TEMPO |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º | 77 | Ángel Álvarez Serto | 76 | Pontevedra AROMON | 1:15:52 |
| 2º | 135 | Maikel Rodríguez Domínguez | 83 | Pontevedra AROMON | 1:20:54 |
| 3º | 234 | Ignacio Sordo Touza | 71 | Santiago USC | 1:25:37 |





## 6.1.3. XII GALA DO DEPORTE UNIVERSITARIO

O 28 de novembro de 2013, o Campus de Ourense acolleu a XXII Gala do Deporte, un evento itinerante entre os tres campus da universidade que, como nas edicións anteriores, estivo presidido polo reitor.

Ademais do recoñecemento aos deportistas que acadaron os mellores resultados nas diferentes competicións no ámbito federado e no universitario, o reitor Salustiano Mato fixo entrega da mención especial á persoa máis destacada do ano dentro do cadro de persoal á profesora do Campus de Ourense Aurora Martínez Vidal, e do premio egresado do ano a Lorena Luaces Barril. Tamén se lle fixo entrega do II Premio Valor Solidario (curso 2012/2013) á asociación ourensá Aixiña e o II Premio Vida á traxectoria persoal e deportiva de Antonio Cid Cortes (paraolímpico en Bocia).

No transcurso da gala fixéronse tamén entrega dos V Premios á Excelencia Deportiva, no que foron destacados os seis estudantes da universidade (3 homes e 3 mulleres) que xuntaron máis méritos na suma dos seus resultados deportivos e académicos.

Tomás Alonso, xornalista e presentador deportivo da TVG, foi o encargado, que foi organizado pola Vicerreitoría do Campus de Ourense e polo Servizo de Deportes, e desenvolveuse no salón de actos Marie Curie do Edificio Politécnico do Campus de Ourense.

## 6.1.4. CONCURSO DÁLLES PASO

Este concurso desenvolveuse en colaboración coa Unidade de Igualdade da propia Universidade de Vigo. Nesta edición incluíuse o formato de microvídeo de entre 10 e 60 segundos. En todos os casos os traballos debían ter como base a participación feminina no eido deportivo, amosando contidos que contribúan a evitar os estereotipos de xénero e a fomentar a participación das mulleres en prácticas deportivas tradicionalmente desenvolvidas por homes.

## 6.1.5. PROGRAMA MUSIC + SPORT

Segunda edición dun programa de clases maxistrais de acceso libre para a comunidade universitaria e para a cidadanía en xeral. O programa estendeuse do mes de setembro ao mes de maio nun total de nove citas que reuniron un total de 326 persoas.

Diferentes estilos para distintos tipos de persoas, como zumba, pilates ou *aero dance*, sempre co obxectivo común de potenciar unha actividade saudable, divertida e dinámica. As clases desenvolvéronse no pavillón universitario e na piscina do campus.

## 6.1.6. I CARREIRA DE ORIENTACIÓN SOLIDARIA

O 8 de xuño de 2014, levouse a cabo na zona histórica de Ourense a I Carreira de Orientación Urbano-Solidaria. Nela, os participantes, divididos en tres categorías (<12 anos, >12 anos e >16 anos), tiñan como obxectivo atopar todas as referencias orientativas, xa fosen balizas homologadas, ou no caso da carreira «A Esmorga» (>16 anos) placas azuis distribuídas polo centro histórico da cidade. A inscrición para poder participar na carreira foi a entrega por parte de cada participante dun quilo de comida non perecedoira, así como produtos de nutrición e hixiene infantil e para bebés. As distintas probas foron:

- Proba de orientación «Correliña» (<12 anos),
- Proba de orientación nivel iniciación curta (>12 anos)
- Ruta literaria de orientación «A Esmorga» (>16 anos)

## 6.1.7. I XORNADA DE DEPORTE UNIVERSITARIO GALAICO-DURIENSE

Entre os días 11 e 12 de xuño tivo lugar no Campus de Ourense a I Xornada de Deporte Universitario Galaico-Duriense, baixo o título «Estratexias para as relacións comunicativas en servizos deportivos». Este evento congregou vinte e cinco técnicos e responsables deportivos universitarios das seis universidades da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que compoñen o Grupo Galaico-Duriense: Minho, UTAD, Porto, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. O obxectivo deste grupo é promover unha dinámica de traballo máis próxima entre as seis institucións que propicie o intercambio de coñecementos e a elaboración de estratexias conxuntas aplicables a unha comunidade universitaria de 145 000 persoas usuarias.





O tema central das xornadas estivo orientado a presentar fórmulas de comunicación efectivas que achegue o colectivo de mozos universitarios a estilos de vida máis activos e saudables. Intercambiáronse ideas e estratexias útiles que foron dende o aproveitamento do potencial das redes sociais ata o reforzamento da imaxe de marca dos servizos deportivos.

Nestas xornadas participaron tamén os decanatos das titulacións vinculadas ao deporte nas universidades do Porto, UTAD, IP de Viana, Melgaço, A Coruña e Vigo, así como a Fundación Deporte Galego.

## 6.2. COA COLABORACIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES

### 6.2.1. CAMPUS DE OURENSE

#### Campus Camp

Actividade realizada pola Universidade de Vigo, dirixida a fillos e fillas dun membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo. Teñen que ter cumpridos 3 anos antes do inicio das actividades, e ata os 13 anos. As actividades desenvólvense durante as mañás de xullo e agosto.

### 6.2.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA

#### VII Xornadas de Comunicación e Deporte (28 e 29 de outubro, Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación)

Dende a organización de eventos deportivos, pasando polos deportes minoritarios ou os eventos infantís, estiveron presentes nunhas xornadas abertas ao público pero pensadas para o alumnado das facultades de Ciencias da Educación e do Deporte e Ciencias Sociais e da Comunicación. Entre os asistentes máis destacados cóntanse co director de protocolo do Fútbol Club Barcelona, Ramón Pujol; o director xeral de Márketing do Atlético de Madrid, Emilio Gutiérrez; ou o técnico do Consello Superior de Deportes Ricardo Vargas.

### 6.2.3. CAMPUS DE VIGO

#### Escola de rugby universitaria

O Vigo Rugby Club Universidade de Vigo organizou esta escola para nenos e nenas de entre 6 e 12 anos.

Torneo de Rugby Escolar

Organizouno o Vigo Rugby club.

#### Torneo de Rugby Touch

Torneo internacional de rugby *touch* organizado polo Vigo Rugby Club.

#### IV Slálom Automobilístico Cidade Universitaria

O Slálom de Coches Cidade Universitaria estivo organizado pola escudaría universitaria Enxes Motor, integrada por alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial e de Telecomunicacións e que conta coa colaboración da Vicerreitoría de Extensión Universitaria. A competición, puntuable para o campionato galego desta especialidade, congregou ao redor de 2000 persoas, entre participantes e público.

#### Campus Camp

Un ano máis os nenos e nenas dos colectivos PDI e PAS, con idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos, puideron usar, grazas á iniciativa Campus Camp, as instalacións do Servizo de Deportes para desenvolver actividades lúdico-deportivas coa finalidade de facer máis doado que o persoal da Universidade de Vigo poida compatibilizar a vida persoal coa laboral.

#### Proxecto Descubrindo o norte

Ciencia e deporte para achegar os nenos e nenas de 5º e 6º de primaria do colexio vigués Escultor Acuña ao deporte de orientación e á divulgación científica. O evento celebrouse os días 23 e 30 de maio cos planos da Universidade de Vigo e o Galiñeiro, respectivamente.

#### Colaboración da sección de orientación co programa Xogade

Durante os meses de febreiro e marzo, en colaboración coa Xunta de Galicia dentro do programa Xogade, a sección de orientación coordinou as charlas e as actividades na materia de Orientación en diversos centros escolares das catro provincias.





### Colaboración co programa «Coñece o meu club»

Nos meses de abril e maio técnicos da sección de orientación do Club Universidade de Vigo colaboraron neste proxecto organizado pola Xunta de Galicia.

## 6.3. SEDES DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS

### 6.3.1. CAMPUS DE OURENSE

#### Torneo de Xadrez Campus Ourense

O 19 de outubro o Club de Xadrez do Campus de Ourense organizou este torneo con máis de 40 xogadores, e o campión foi Javier Varasa.

#### Campionato Galego de 10.000 metros

Pista de atletismo do Campus de Ourense, 23 de marzo de 2014

Este campionato galego absoluto de 10 000 metros celebrouse conxuntamente co campionato provincial baixo a organización do Club Deportivo Aurum. Na proba masculina resultou vencedor Carlos Villamor Castiñeira, por diante de Rubén Diz Díaz e Iván Docampo González. En categoría feminina a gañadora foi a atleta María Yolanda Gutiérrez Robles, seguida de Iria Fernández Fontenla e Sara Pérez Rodríguez. No campionato provincial levou a proba o atleta Jorge Ignacio Silva Crespo, seguido de José Antonio Paz Suárez e en terceira posición Jorge Cascón Sánchez-Rodilla.

#### 3ª Xornada do Circuíto Galego de Marcha, 23 de marzo de 2014

Simultaneamente ao Campionato Galego de 10 000 metros de Atletismo organizouse a 3.a Xornada do Circuíto Galego de Marcha, memorial a Josefina Romero. Os resultados foron os seguintes:

- 2000 m marcha masculino: o gañador foi Teo Iglesias Vidal, seguido de Miguel Gallego Paredes.
- 2000 m marcha masculino: o gañador foi Denís Fernández Blanco.
- 2000 m marcha feminino: o primeiro posto foi para Ana Piñeiro Piñeiro, o segundo para Ainoa Santos Piñeiro e o terceiro para Antía de la Torre Cancela.
- 2000 m marcha feminino: a gañadora foi Natalia Rivas Iglesias, seguida de Katia González Fervenza.
- 3000 m marcha masculino: o gañador foi Smail Laaribi.
- 3000 m marcha masculino: o primeiro posto foi para Roberto Vieiro Pérez, o segundo para Álex Novas Barral e o terceiro para Jesús Guimerans Cordeiro.
- 3000 m marcha feminino: o primeiro posto foi para Antía Chamosa Dacasa, o segundo para Noa Ramírez Carballo e o terceiro para Paula Villaverde Touriño.
- 3000 m marcha feminino: a gañadora foi Iria Rivas Iglesias, seguida de Valeria Fernández Blanco.
- 5000 m marcha masculino: o primeiro posto foi para Christian Curopos Costa, o segundo para José Fernández Nieves e o terceiro para Fabio Pereira Álvarez.
- 5000 m marcha feminino: o primeiro posto foi para Eva María Iglesias González, o segundo para Samantha Mulloni Martínez e o terceiro para Rocío Carbia Lojo.

#### II Criterium Ciclista «Os catro días de Ourense»

Do 27 ao 29 de marzo disputouse na provincia ourensá un conxunto de probas con diferentes percorridos en bicicleta. A última xornada foi un circuíto polo municipio de Ourense na que se deu saída á proba no campus universitario.

#### II Technium Lan Party Campus de Ourense, do 17 ao 20 de abril de 2014

O pavillón do Campus de Ourense acolleu a celebración do Techniuim Lan Party, un evento no que os participantes amantes das novas tecnoloxías puideron durante os días sinalados participar en concursos, torneos ou conferencias, entre outros, ademais de compartir experiencias do ámbito tecnolóxico ou informático.

#### Fitness Day

Este evento realizouse o 29 de maio de 2014 e contou con máis de 100 participantes, con música en directo dun picadiscos e onde se realizaron distintas actividades con monitores especializados como *spinning*, zumba, *step*,





*aerojump* etc., de forma totalmente gratuíta e ademais regaláronselles camisetas aos participantes.

### II Gran Premio de Atletismo Festas de Ourense-Club Deportivo Aurum

O 21 de xuño de 2014 o Club Deportivo Aurum foi o organizador do I Encontro Internacional de Atletismo das Cidades Irmandadas, que coincidiu co Campionato de Atletismo celebrado con motivo das festas da cidade ourensá. Este evento celebrouse na pista de atletismo do Campus de Ourense.

### II Clinic de Baloncesto

O *clinic* realizouse o 28 e o 29 de xuño nas instalacións do Club Ourense e contou con catro adestradores da Liga Endesa:

- Diego Ocampo, segundo adestrador de Cajasol ACB e ex-seleccionador sub 16.
- Jota Cuspinera, segundo adestrador do Real Madrid e seleccionador sub 18.
- Mariano Arasa, ex-axudante Fuenlabrada ACB e adestrador júnior Fuenlabrada.
- Tico Gonzalo, director de vuestrobasket.com e adestrador superior.

### Torneo de Xadrez

**É e**nfocado maiormente a nenos e realizouse nun só día de xuño. Nel participaron cerca de 100 persoas, das cales cerca do 50 % foron nenos e o outro 50 % adultos. Como curiosidade, durante o descanso repártense xeados entre os participantes.

### Campus Auria

Campus organizado polo equipo de balonmán Auria, o cal ten a súa sede nas nosas instalacións.

Realízase durante os meses de xuño e xullo, os luns e os xoves de 16.00 a 18.00 horas. Está dirixido a nenos e nenas dende os 6 ata os 16 anos.

### I Torneo Internacional de Xadrez Campus Ourense

Do 7 ao 13 de xullo disputouse en Ourense o I Torneo Internacional de Xadrez organizado polo Campus de Ourense. Nel participaron máis de 90 xogadores, 20 grandes mestres e 20 estranxeiros. O campión foi Luis Galego e José Doval foi o mellor clasificado do equipo, que quedou décimo quinto.

Campus Amencer

Trátase de mañás lúdico-deportivas, un proxecto que pretende iniciar os nenos/as e os mozos/as no deporte do voleibol e educar en valores a través deste e doutros deportes.

Está destinado a rapaces rapazas de entre 6 e 16 anos, en horario de 10.00 a 13.30 h, con posibilidade de gardaría dende as 9.00 h ata as 15.30 h. As datas son do 14 ao 18 de xullo. As actividades realizaranse no pavillón do campus universitario de Ourense.

### Ciclo Indoor. AQA

En colaboración coa piscina universitaria do Campus de Ourense AQA, todos os luns e os mércores de 20.00 a 21.00 horas os monitores de AQA imparten a actividade no pavillón universitario.

## 6.3.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA

### Trimaratón, 5 de decembro de 2013

Foi organizado polo Club de Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Participaron en torno a 250 deportistas nas modalidades de fútbol sala, balonmán e baloncesto.

### Veladas de boxeo e kick boxing, 26 de outubro de 2013

O evento acadou catro combates de boxeo e catro de kick boxing, dos cales tres foron non profesionais e un profesional en ambas as categorías. Destacou a grande afluencia de público.

### Festa HQR, 28 e 29 de decembro de 2013

Nesta ocasión acolleu as modalidades de balonmán e fútbol sala e contou coa participación de ao redor de 500 nenos e nenas.





### Campionato Galego de Triatlón, 28 de setembro de 2013

Acolleu 500 atletas participantes deste evento que contou con reparto de dorsais, vestiarios e servizo de fisioterapia.

Fisiotorneo, 24 de outubro de 2013

Cento cincuenta asistentes participaron neste torneo composto de competicións de balonmán, baloncesto e fútbol sala.

### Campionato Galego Base de Loita Olímpica, 22 de marzo de 2014

En torno a 200 persoas participaron neste evento.

Campionato de España de Duatlón, 31 de maio de 2014 e 1 de xuño de 2014

O evento contou con servizo de reparto de dorsais, vestiarios e servizo de fisioterapia. Acolleu 500 atletas.

### Campionato de España Infantil de Baloncesto, 14, 15, 16 e 17 de xuño de 2014

Disputáronse 15 partidos na fase previa con seis equipos, dos cales se clasificaron dous. Asistiron ao evento 360 deportistas, adestradores e público.

## 6.3.3. CAMPUS DE VIGO

### Escola de rugby para nenos e nenas

O Vigo Rugby Club Universidade de Vigo organizou unha escola de rugby para nenos e nenas entre 6 e 12 anos. A actividade desenvolveuse no campo de rugby todos os sábados pola mañá, e esta tempada contou con 80 nenas e nenos inscritos.

### Torneo de Rugby Escolar

O equipo de rugby da universidade organizou un torneo de rugby escolar, en que participaron 400 xogadores.

### Campus Camp

Un ano máis, as nenas e nenos dos colectivos PDI e PAS con idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos puideron usar, grazas á iniciativa Campus Camp, as instalacións do Servizo de Deportes para desenvolver actividades lúdico-deportivas coa finalidade de facer máis doado que o persoal da universidade poida compatibilizar a vida profesional coa familiar.

### Campus de baloncesto do Seis do Nadal

O equipo de baloncesto Seis do Nadal organizou un campus de baloncesto para máis de 100 nenos e nenas nas instalacións deportivas.

**Campus de** fútbol e fútbol **sala da E. D. Vigo 2015**

A Escola de Fútbol Vigo 2015 organizou un campus de baloncesto para máis de 50 nenos e nenas no campo de fútbol e no pavillón de deportes.

### Campus de karate do Club Deportivo AvalonKai de Santiago de Compostela

O Club Avalonka organizou un campus de karate para máis de 30 nenos e nenas no pavillón de deportes.

### Seminarios de interpretación e dirección de escena

Clases pertencentes ao Máster de Teatro e Artes Escénicas da Facultade de Filoloxía e Tradución, que se desenvolveron na sala de ioga.

### Curso de iniciación para adestradores de baloncesto

A Federación Galega de Baloncesto organizou este curso teórico-práctico nas nosas instalacións, por unha parte no pavillón de deportes, e por outra na aula de curso do edificio de Deportes.

### Adestramentos de fútbol 8 do Colexio O Castro International School de Vigo

O Colexio O Castro organizou estas xornadas para acercar os nenos de 7 e 8 anos á modalidade de fútbol 8 no noso campo de fútbol.

### Oposicións a policía local do Concello de Gondomar

O Concello de Gondomar realizou as probas de acceso para o corpo de Policía Local nas instalacións deportivas do campus.

### Exames técnicos para árbitros da Federación Galega de Fútbol

O Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol fixo os seus exames técnicos no campo de fútbol e na pista de atletismo para 160 árbitros da provincia de Pontevedra.





## Probas físicas para árbitros da Federación Galega de Fútbol

O Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo utilizou un día ao mes a pista de atletismo para realizar os seus adestramentos.

## Curso Sportident pola Federación Galega de Orientación

A Federación Galega de Orientación realizou nas instalacións un Curso de cronometraxe Sportident.

## Prácticas do Curso de adestrador da Escola Galega de Adestradores de Fútbol

Celebrouse no campo de fútbol do campus cun total de 90 participantes.

## Programa de formación permanente do profesorado

A Área de Formación e Innovación Académica da universidade realizou o curso «Coida as túas costas» na sala de ioga do edificio de Deportes.

## Obradoiro A voz como ferramenta de traballo

O Servizo de Prevención Alleo (Unipresalud) impartiu este obradoiro na aula do edificio de Deportes.

## Obradoiro de risoterapia

O Gabinete Psicopedagóxico da universidade organizou na sala de ioga un obradoiro de risoterapia.

## Xornadas Escolares de Iniciación ao Atletismo xunto co Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia

O Instituto Auga da Laxe de Gondomar celebrou unhas xornadas de coñecemento do atletismo para alumnado de educación secundaria.

## Xornadas de Tenis do Colexio O Castro International School

O Colexio O Castro celebrou unhas xornadas de coñecemento do tenis para alumnado de educación primaria.

## Torneo de Fútbol Americano

O equipo de fútbol americano Vigo Guardians organizou un torneo de fútbol americano con 200 participantes.

## Xornadas Deportivas da Feafes Galicia (Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia)

A Feafes organizou unhas xornadas deportivas nas nosas instalacións, na que se xuntaron 150 participantes.

## Adestramentos do equipo de atletismo Sociedad Atlética Val Miñor

A Sociedad Atlética Val Miñor utiliza a nosa pista de atletismo para os adestramentos de máis de 50 deportistas do seu club.

## Curso intensivo de tiro con arco

O Servizo de Deportes organizou un curso de iniciación de tiro con arco no pavillón de deportes.

## Clases de defensa persoal da Academia Aula Estudio

A Academia Aula Estudio utilizou a nosa sala de ioga para realizar un curso de defensa persoal.

## Xornadas de Atletismo do IES Auga da Laxe de Gondomar

O Instituto Auga da Laxe de Gondomar celebrou unhas xornadas de coñecemento do atletismo para alumnado de educación secundaria.

## Proceso de selección de persoal para Galicia das tendas Decathlon

A tenda de deportes Decathlon seleccionou o persoal para as súas tendas de Galicia na aula do edificio do Servizo de Deportes.

## Visitas á instalación solar polo Máster en Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais e o Máster de Enerxía e Sustentabilidade

Estes dous mestrados fan varias visitas ao longo do curso para ver a nosa instalación de enerxía solar do pavillón de deportes.





### Xornadas de Iniciación ao Béisbol polo Club Los Halcones de Vigo

O Club de Béisbol Los Halcones fixo tres xornadas gratuítas de iniciación ao béisbol para a comunidade universitaria.

### Demostración de vehículo aéreo non tripulado (UAV) nas instalación deportivas polo Departamento de Enxeñaría de Recursos Naturais e Medio Ambiente

O Departamento de Enxeñaría e Recursos Naturais utilizan o pavillón de deportes ou o campo de rugby para facer demostracións dun vehículo aéreo non tripulado.

### Curso de kick boxing organizado polo CDU de Vigo

O CDU organizou un curso de kick boxing para 18 alumnos na nosa sala de ioga.

### Taller de Antropometría do Máster en Nutrición

O Máster en Nutrición utilizou a nosa aula de cursos para realizar un taller de antropometría.

### Adestramentos da Selección Galega Feminina de Baloncesto

A Federación Galega de Baloncesto desenvolveu dous adestramentos das seleccións galegas de baloncesto no pavillón de deportes.

### Cesión de pistas de tenis á Federación Galega para o Campionato Galego Absoluto +35

A Federación Galega de Tenis fixo a fase final do Campionato Galego Absoluto de Tenis +35 nas cinco pistas de tenis do Campus de Vigo.

### Cerimonia de presentación de todas as categorías do Celta de Baloncesto no pavillón de deportes

O RC Celta de Baloncesto fixo a presentación de todos os seus equipos de base no pavillón de deportes, onde se xuntaron 500 asistentes entre xogadoras e público.

### IV Slálom Automobilístico Cidade Universitaria

Esta cuarta edición do Slálom de Coches Cidade Universitaria, organizado pola escudaría universitaria Enxes Motor, estivo formada por alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial e de Telecomunicacións e coa colaboración da Vicerreitoría de Extensión Universitaria. A competición, puntuable para o Campionato Galego desta especialidade, congregou ao redor de 2000 persoas, entre participantes e público.

### Xornadas de Atletismo do CEIP Coutada-Beade

O CEIP Coutada-Beade celebrou unhas xornadas de coñecemento do atletismo para alumnado de educación primaria.

### Xornadas de Iniciación ao Jugger

A Asociación de Jugger Soft Viguesa realizou unhas xornadas de coñecemento da actividade e reuniu ao redor de 50 persoas.

### Curso de software específico para traballadores da OMA

A Oficina de Medio Ambiente da universidade realizou un curso de software na aula do edificio de Deportes.

### Xornada Deportiva para Persoas con Síndrome de Down organizadas pola Asociación Down Vigo

A Asociación Down Vigo realizou unhas xornadas deportivas para persoas da súa asociación no pavillón de deportes e no campo de fútbol.

### Curso de intelixencia emocional no traballo e control do estrés organizado pola Área de Formación e Innovación Educativa

A Área de Formación e Innovación Académica da universidade realizou o Curso de control de estrés na sala de ioga e na aula de curso do edificio de Deportes.

### Torneos de San Teleco organizados pola delegación de alumnado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

A delegación de alumnado de San Teleco organizou torneos de fútbol sala, baloncesto e tenis de mesa con motivo da festividade de San Teleco.





### Xornadas para o persoal de laboratorio organizadas polo Departamento de Citometría do CACTI

O Departamento de Citometría do CACTI realizou unhas xornadas para o persoal de laboratorio na aula do edificio de Deportes.

### Curso de Apnea (parte teórica)

A Cidade Universitaria organizou un Curso de Apnea na piscina do CDU e realizou a parte teórica na aula do edificio de Deportes.

### Probas físicas nas instalación deportivas levadas a cabo pola empresa Seganosa

A empresa Seganosa realizou as probas físicas para bombeiros na pista de atletismo e na sala de musculación.

### Actividades deportivas do Campus Científico de Verán

O Campus Científico de Verán organizou diversas actividades deportivas para os seus inscritos no campo de fútbol e no pavillón de deportes.

# 7. ACTIVIDADES DE FORMACION E DIVULGACION

*"Non podes medir o teu éxito se nunca fallaches". Steffi Graf*



## 7.1. PROGRAMA DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR PRÁCTICAS DEPORTIVAS

### 7.1.1. CRÉDITOS POR PARTICIPAR EN ESCOLAS DEPORTIVAS

Campus de Pontevedra: aeróbic + *powerpump*, pilates, tenis, danzas orientais e artes marciais, taichí e xadrez.

Campus de Ourense: tenis, xadrez, pádel e rugby.

Campus de Vigo: *aquagym*, ioga, natación, tenis, orientación e xadrez.

### 7.1.2. CRÉDITOS POR PARTICIPAR NO PROGRAMA ROTEIROS CULTURAIS

Por cada tres rutas nas que se participe concédese un crédito ECTS, ata un máximo de 2 ECTS.

### 7.1.3. CRÉDITOS POR ASISTENCIA A COMPETICIÓNS INTERUNIVERSITARIAS

Estudantes que representan a Universidade de Vigo en fases finais dos campionatos de España universitarios. Tamén o alumnado que participa en campionatos mundiais e europeos universitarios, ademais de universíadas.

### 7.1.4. CRÉDITOS POR REPRESENTAR A UNIVERSIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS FEDERADAS

Estudantes que representen a Universidade de Vigo con algún dos seus equipos en competicións federadas oficiais.

### 7.1.5. CRÉDITOS POR PARTICIPAR EN ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO DEPORTIVO EN COMPETICIÓNS DE ALTO NIVEL

Voluntariado dos 10 km Cidade Universitaria, campionatos do mundo universitarios e de España.

### 7.1.6. CRÉDITOS POR PARTICIPAR NO PROGRAMA PONTE EN FORMA

Concédese un crédito ECTS por 30 horas de práctica deportiva.

## 7.2. BOLSAS E PRÁCTICAS DO ALUMNADO

Varios estudantes tiveron a oportunidade de adquirir experiencias preprofesionais a través do programa de bolsas de formación complementaria e de colaboración.

Así, as persoas beneficiarias das bolsas iniciáronse en tarefas que, ou ben estaban vinculadas aos seus estudos ou ben lle servían de aprendizaxe laboral en tarefas relacionadas con eles; incorporáronse a un contorno de traballo real na administración universitaria.

### 7.2.1. BOLSAS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA: INTERNACIONALIZACIÓN, COMUNICACIÓN, COMPETENCIAS HORIZONTAIS (CAMPUS DE VIGO)

Estas bolsas facilitan que estudantes da Universidade de Vigo presten a súa colaboración en réxime de compatibilidade cos seus estudos. Así, as persoas beneficiarias inícianse en tarefas que lles sirvan de aprendizaxe laboral en labores relacionados cos seus estudos.

Durante o curso 2012/2013 convocáronse dúas bolsas:

Bolsa para a mellora da comunicación en liña (redes sociais) do Servizo de Deportes. Está destinada a alumnado de último curso de licenciatura ou dos graos en Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual, así como alumnado de mestrado que teña relación con este tipo de contidos.

Bolsa para apoio á internacionalización do Servizo de Deportes, destinada a alumnado de último curso das licenciaturas en Filoloxía Inglesa ou Tradución e Interpretación ou dos graos en Linguas Estranxeiras ou de Tradución e Interpretación, así como alumnado de mestrado que teña relación coa lingua inglesa.





A duración das bolsas é de oito meses a razón de 20 horas semanais de dedicación.

### 7.2.2. BOLSA DE COLABORACIÓN NAS ACCIÓNS DE MELLORA DA CALIDADE DO SERVIZO (CAMPUS DE VIGO)

En colaboración coa Área de Calidade convócase anualmente unha bolsa de colaboración que lle serve á persoa seleccionada para mellorar e adquirir competencias relativas á xestión documental, organización de procedementos de avaliación de servizos, tratamento da información e organización e xestión de procesos.

A través desta colaboración o Servizo de Deportes trata anualmente os labores de análise da calidade percibida polos seus usuarios e usuarias. A bolsa comprende un total de 350 horas empregadas en tres tipos de tarefas:

Adaptación do cuestionario e deseño da enquisa (abril)

Recollida de datos (maio)

Tratamento da información, realización de análises e presentación de informes (de setembro a novembro)

### 7.2.3. BOLSA DO PROGRAMA ERASMUS PRÁCTICAS (CAMPUS DE VIGO)

O curso académico caracterizouse polo fomento das estratexias de internacionalización, para o que se contou co apoio dunha alumna bolseira do último curso de Tradución e Interpretación.

Ata tres alumnos dentro do programa Erasmus prácticas colaboraron co Servizo de Deportes durante o curso. No primeiro cuadrimestre foi unha estudante de Konstanz (Alemaña) e xa no segundo outra alumna alemá, da Universidade de Münster, e un estudante eslovaco da Universidade Comenius de Bratislava. Todos eles foron quen de contribuír á internacionalización do servizo a través de iniciativas tan novas como o programa Train and Talk, que serviu para favorecer de xeito efectivo os encontros deportivos entre estudantes Erasmus e estudantes locais.

### 7.2.4. PRÁCTICAS DO ALUMNADO DO MÁSTER EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE (CAMPUS DE VIGO)

Unha alumna do Máster en Xestión Empresarial do Deporte do Campus de Ourense desenvolveu o seu período de prácticas no Servizo de Deportes do Campus de Vigo entre os meses de febreiro e maio. Colaborou nas tarefas organizativas dos eventos Carreira/Andaina 10 km Cidade Universitaria e Trofeo de Orientación Universidade de Vigo.

### 7.2.5. PRÁCTICAS DO ALUMNADO DE TAFAD (CAMPUS DE OURENSE)

Un alumno desenvolveu o seu período de prácticas do Ciclo Superior en Actividade Física e Animación Deportiva entre outubro e decembro de 2013.

### 7.2.6. PRÁCTICAS DO ALUMNADO DOS PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (PCPI) (CAMPUS DE OURENSE)

Unha persoa en prácticas do Módulo de Administración de Empresas, de xuño a xullo, procedente do Programa de cualificación profesional inicial (PCPI).

### 7.2.7. PRÁCTICAS DE INTEGRACIÓN LABORAL (CAMPUS DE OURENSE)

Unha persoa colaborou co Servizo de Deportes entre febreiro a xuño de 2014 a través dun convenio de integración laboral para persoas con síndrome de Down.

## 7.3. PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E XORNADAS

### 7.3.1. CONGRESO DE CIENCIAS DO DEPORTE DE PONTEVEDRA

O Servizo de Deportes presentou un póster neste congreso celebrado durante os días 8, 9 e 10 de maio.

O contido centrouse na avaliación do nivel de actividade física do estudantado da Universidade de Vigo que






participaron voluntariamente nas actividades dos Martes ConVida, así como o grao de adecuación da súa dieta aos padróns cardioprotectores da dieta mediterránea (DM).

### 7.3.2. II OBRADOIRO DE FORMACIÓN DE MEDIADORES EN SAÚDE

O Servizo de Deportes participou na segunda edición do Obradoiro de promotores de saúde, que se desenvolveu nos meses de marzo e abril cunha duración de 30 horas.

A docencia no módulo de actividade física correspondeulles a Javier Rial e a Diego Alonso, colaborador do Servizo de Deportes.

O curso pretendía capacitar as persoas interesadas en estratexias e habilidades para a promoción da saúde, estimulando a súa participación como axentes de saúde cos seus iguais. Asistiron 25 estudantes do Campus de Ourense.

### 7.3.3. I XORNADAS DE DEPORTE UNIVERSITARIO GALAICO DURIENSE

Entre os días 11 e 12 de xuño tiveron lugar no Campus de Ourense as I Xornadas de Deporte Universitario Galaico-Duriense, baixo o título «Estratexias para as relacións comunicativas en servizos deportivos». Este evento congregou vinte e cinco técnicos e responsables deportivos universitarios das seis universidades da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que compoñen o Grupo Galaico-Duriense: Minho, UTAD, O Porto, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. O obxectivo deste grupo é promover unha dinámica de traballo máis próxima entre as seis institucións que propicie o intercambio de coñecementos e a elaboración de estratexias conxuntas aplicables a unha comunidade universitaria de 145 000 persoas usuarias.

O tema central das xornadas estivo orientado a presentar fórmulas de comunicación efectivas que achegue o colectivo de mozos e mozas universitarios a estilos de vida máis activos e saudables. Intercambiáronse ideas e estratexias útiles que foron dende o aproveitamento do potencial das redes sociais ata o reforzamento da imaxe de marca dos servizos deportivos.

### 7.3.4. CAMPAÑA DE AFORRO ENERXÉTICO E DE AUGA

En xuño púxose en marcha unha campaña de sensibilización que perseguía a redución nos consumos e o aforro de recursos por medio da implicación dos/as participantes na propia actividade deportiva.

Instaláronse láminas informativas nos aseos e nos vestiarios das instalacións deportivas e demais dependencias do servizo no Campus de Vigo.

O obxectivo era transmitir mensaxes ambientais directas, en lugares que propiciaran a súa lectura, vinculadas a accións que foran responsabilidade das persoas usuarias e con consecuencias vinculadas aos seus propios intereses. Así, o deseño dos carteis reflicten o consumo concreto de cada instalación (duchas, WC, iluminación e lavabos) ao relacionalos con exemplos do seu impacto ambiental.

Outras actuacións relevantes neste eido foron crear unha sección específica dentro do sitio web do Servizo de Deportes, a reorientación dos principais eventos deportivos organizados de acordo con directrices específicas que os converten en «eventos verdes» ou a publicación de dúas guías de boas prácticas en xestión ambiental, unha centrada nas instalacións deportivas e outra nos eventos.

## 7.4. CURSO SPORTIDENT

Os días 13, 14 e 15 de decembro o Club Universidade de Vigo desenvolveu en colaboración coas federacións Galega e Española de Orientación un curso de xuíz cronometrador por medio do sistema informático Sportident.

O responsable de impartir o curso foi Marcos Herrero, corredor do equipo da Universidade de Vigo e técnico nacional en cronometraxe.

Esta acción formativa tivo lugar na aula de seminarios do edificio do Servizo de Deportes coa participación de 25 alumnos e alumnas, que tiveron ademais que realizar unha fase de prácticas en dúas probas oficiais.





# 8. OUTRAS ACTUACIÓNS

*“Non se lle pode poñer límite a algo, canto máis soñes máis lonxe chegarás”. Michael Phelps*

## 8.1. CALIDADE

### 8.1.1. ANÁLISE DA CALIDADE PERCIBIDA POLAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO

Como se vén facendo dende o curso 2005/2006, o Servizo de Deportes realizou durante o mes de maio de 2013 o proceso de recollida de datos para obter o punto de vista das persoas usuarias en relación coas súas actividades, servizos e instalacións deportivas. A continuación realizouse a análise de datos e emitiuse o correspondente informe que reflicte diferentes áreas de mellora do servizo.

### 8.1.2. XESTIÓN DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS

O Servizo de Deportes dispón de diferentes vías de recepción das queixas ou suxestións das súas persoas usuarias: formulario electrónico na súa páxina web, correos electrónicos, mensaxes e comentarios nas súas redes sociais (Facebook e Twitter) ou as caixas de correo físicas de queixas, suxestións e parabéns que están situadas nas instalacións deportivas. Ao longo do curso recibíronse un total de 32 queixas ou suxestións referidas aos seguintes elementos e campus:

| XESTIÓN DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS | OURENSE | PONTEVEDRA | VIGO |
|---|---|---|---|
| Uso das instalacións | 2 | 1 | 1 |
| Horarios de apertura | 0 | 0 | 1 |
| Información e difusión das actividades | 0 | 0 | 3 |
| Funcionamento e organización das competicións universitarias | 0 | 0 | 4 |
| Organización e funcionamento das actividades | 2 | 0 | 6 |
| Procedementos administrativos (devolución de taxas, pagamento a provedores, emisión de certificados, inscrición e pagamento das actividades) | 4 | 0 | 8 |

## 8.2. INTERNACIONALIZACIÓN

### 8.2.1. INTERNATIONAL ADMINISTRATIVE AND TEACHING STAFF TRAINING WEEK DE BERLÍN

Román Lago e Javier Rial asistiron á International Week para persoal de universidades baixo o título «Internationalization and Sports». Este encontro de deporte universitario europeo tivo lugar do 3 ao 7 de xuño baixo a organización da Freie Universität de Berlín.

### 8.2.2. CONFERENCIA ANUAL E PARTICIPACIÓN NO COMITÉ EXECUTIVO DA REDE EUROPEA DE DEPORTE UNIVERSITARIO (ENAS)

Continuou durante o curso 2013/2014 a participación activa do Servizo de Deportes dentro da rede ENAS.

Por unha banda, Javier Rial segue a formar parte do seu comité executivo, que celebrou por vez primeira unha xuntanza na Universidade de Vigo os días 8 e 9 de maio, aproveitando a celebración da Internacional Staff Training Week. Por outra banda, Román Lago e Javier Rial representaron a Universidade de Vigo na conferencia anual da rede que tivo lugar en Limerick (Irlanda) durante a segunda semana de novembro de 2013.

### 8.2.3. PROGRAMA TRAIN AND TALK

O progama iniciouse en xaneiro de 2014 e estivo centrado na formación de grupos de persoas interesadas en simultanear a práctica de diferentes modalidades deportivas e a práctica de idiomas. Así, esta iniciativa estivo xestionada polos dous estudantes Erasmus en prácticas de Eslovaquia e Alemaña e articulouse ao redor





da creación dun grupo na rede social Facebook, que chegou a contar ao remate do curso 2013/2014 con 226 membros. A través da aplicación Doodle estes estudantes foron quen de levar a cabo diversas xuntanzas deportivas: bádminton (5), *running* (4), voleibol (10), fútbol sala (6).

Do programa emerxeu tamén a iniciativa dos estudantes Erasmus para participar en diferentes accións: quince voluntarios que colaboraron na oitava edición da carreira HappyGo Running e mesmo plantación de árbores para compensar as emisións derivadas de eventos deportivos e a gravación dun vídeo promocional da actividade deportiva na Universidade de Vigo que superou as 400 000 visualizacións na canle YouTube.

## 8.3. XESTIÓN AMBIENTAL

### 8.3.1. PAVILLÓN VERDE EN PONTEVEDRA

O plan «Pavillón verde» é unha das accións programadas dentro do proxecto Green Campus.

Así, foron estudados os espazos, consumos de auga e enerxía e emisións asociadas ao pavillón universitario a través da participación de once entidades. O traballo deu lugar a 18 propostas de actuación en determinadas áreas, das que cinco foron seleccionadas para ser levadas a cabo ao longo do ano 2014: un protocolo para eventos deportivos, un diagnóstico da accesibilidade, unha plantación á entrada do campus para compensar as emisións xeradas pola instalación, a mellora da xestión de residuos e a propia difusión do proxecto a través das redes sociais.

Paralelamente, tivo lugar a selección dun proxecto de execución dun mural no exterior do propio pavillón universitario.

### 8.3.2. CAMPAÑA DE AFORRO ENERXÉTICO E DE AUGA

En xuño púxose en marcha unha campaña de sensibilización que perseguía a redución nos consumos e o aforro de recursos por medio da implicación dos/as participantes na propia actividade deportiva.

Instaláronse láminas informativas nos aseos e nos vestiarios das instalacións deportivas e demais dependencias do servizo no Campus de Vigo. O obxectivo era transmitir mensaxes ambientais directas, en lugares que propiciaran a súa lectura, vinculadas a accións que foran responsabilidade das persoas usuarias e con consecuencias vinculadas aos seus propios intereses.

Así, o deseño dos carteis reflicten o consumo concreto de cada instalación (duchas, WC, iluminación e lavabos) ao relacionalos con exemplos do seu impacto ambiental.

## 8.4. FORMACIÓN DO PERSOAL

### 8.4.1. CURSOS REALIZADOS POLO PERSOAL LABORAL

#### Curso de formación no aplicativo informático Deporxest

Desenvolveuse nos tres campus para o persoal técnico e administrativo do servizo nos meses de maio e xuño, cunha duración de catro horas.

#### V Curso de *coaching* deportivo

Organizouse os días 12 e 19 de marzo, con oito horas de duración. O curso tivo lugar na Casa do Deporte en Vigo.

### 8.4.2. CURSOS REALIZADOS POLO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN

#### Curso de queixas, suxestións e parabéns (QSP)

Destinado ao persoal técnico e administrativo, o curso organizado pola Unidade de Estudos e Programas da Universidade de Vigo tivo lugar os días 7 e 8 de outubro.

### 8.4.3. OUTROS

#### Actividade de Prevención de Riscos Laborais: simulacro dun incendio para o plan de autoprotección interno do pavillón universitario do Campus de Vigo

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo, en colaboración con Burotec, levaron a cabo durante a mañá do día 31 de outubro de



2013 un simulacro de urxencias no Servizo de Deportes do Campus de Vigo. Nel participaron protección civil, o corpo de bombeiros, a fundación 061 e os corpos de policía nacional e local. Na citada acción leváronse a cabo protocolos de urxencia en caso de incendio e tratamento de persoas feridas. Os simulacros tiveron lugar no pavillón e no edificio administrativo anexo.

## 8.5. IGUALDADE

O Servizo de Deportes continuou traballando na incorporación da perspectiva de xénero no seu día a día tanto no deseño da oferta de actividades, na publicidade empregada, no uso de linguaxe inclusiva ou na presentación dos seus resultados.

Durante o curso académico 2013/2014 convocáronse os concursos «Dálles paso» de microrrelatos e de microvídeos que buscaban darlle maior valor á práctica deportiva feminina.

## 8.6. V PREMIOS Á EXCELENCIA DEPORTIVA

No transcurso da Gala do Deporte fixéronse tamén entrega dos V Premios á Excelencia Deportiva, no que foron destacados os seis estudantes da universidade (tres homes e tres mulleres) que xuntaron máis méritos na suma dos seus resultados deportivos e académicos. Resultaron gañadores finais Laura Lorenzo Amoedo e Francisco Padín Olivera. Os restantes catro finalistas foron Laura Llópiz Castedo, Noelia Lalín Canda, Javier Carballo López e Eliseo Permuy Soto.

# 9. SERVIZOS E VANTAXES

*"Evitar os riscos equivale a renunciar ao dereito de experimentar a metade das emocións que somos capaces de sentir". Carl Lewis*



## 9.1. TARXETAS DEPORTIVAS UNIVERSITARIAS

Un total de 2065 persoas (51,5 % homes e 49,5 % mulleres) gozaron durante o curso 2013/2014 das vantaxes das tarxetas deportivas do Servizo de Deportes. Entre elas, o acceso gratuíto ás instalacións deportivas, descontos nas actividade organizadas ou prezos especiais nas entidades colaboradoras.

## 9.2. TARXETAS PONTE EN FORMA

Un total de 272 persoas (62 % homes e 38 % mulleres) gozaron durante o curso 2013/2014 dunha tarxeta Ponte en forma do Servizo de Deportes. Ademais de ter as vantaxes incluídas na tarxeta deportiva básica, estas persoas tiveron acceso a programas personalizados de exercicio físico cun control médico-deportivo da práctica deportiva realizada.

## 9.3. DESCONTOS PARA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

O Servizo de Deportes ten tamén acordos de colaboración asinados con distintas entidades e empresas. Estes acordos permítenlle á comunidade universitaria gozar dun amplo abano de descontos en clínicas de fisioterapia, tendas de material e roupa deportiva, ximnasios ou centros deportivos.

Entidades colaboradoras: Ximnasio Athenas, Ximnasio El Castro, Estelas Náutica, Gaia Gestión Deportiva S. L., L. Max, Penta Deporte e Saúde S. L., Prado Surf Club, Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, Deportes Jalda, Clínica de Rehabilitación Fisiourense, Fisio Estrada, Fisioterpaia Marga Saborido, Fimega Fisioterapia Médica de Galicia S. L., Galifisio C.B., Amad Promoción de Salud S.L. e Centro de Fisioterapia Urzaiz.

| | OURENSE | | | PONTEVEDRA | | | VIGO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TARXETA DEPORTIVAS UNIVERSITARIAS | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL |
| TDU BÁSICA | 367 | 359 | 726 | 218 | 123 | 341 | 347 | 123 | 470 |
| TDU AQUA | | | | 0 | 0 | 0 | 82 | 23 | 105 |
| TDU ACTIVIDADES | | | | 0 | 0 | 0 | 1 | 21 | 22 |
| TDU DOBRE | | | | 0 | 0 | 0 | 4 | 4 | 8 |
| **TOTAL** | **367** | **359** | **726** | **218** | **123** | **341** | **434** | **171** | **605** |

| | OURENSE | | | PONTEVEDRA | | | VIGO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TARXETA PONTE EN FORMA | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL |
| PEF BÁSICA | 47 | 31 | 78 | 47 | 32 | 79 | 68 | 33 | 101 |
| PEF AQUA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 5 | 2 | 7 |
| PEF ACTIVIDADES | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 5 | 7 |
| PEF DOBRE | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| **TOTAL** | **47** | **31** | **78** | **47** | **32** | **79** | **75** | **40** | **115** |



# 10. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

*"Se queres correr, corre unha milla. Se queres experimentar unha vida diferente, corre un maratón". Emil Zatopek*

## 10.1. XESTIONADAS POLO SERVIZO DE DEPORTES

### 10.1.1. CAMPUS DE OURENSE

**Edificio deportivo**

- Pista polideportiva
- Pistas de squash (2)
- Sala de cardio-*fitness*
- Zona de tenis de mesa
- Área de xadrez

**Zona deportiva exterior**

- Pista polideportiva
- Pista de tenis
- Pista de atletismo
- Campo de herba sintética

### 10.1.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA

- Pista polideportiva
- Sala de cardio-*fitness*
- Zona de tenis de mesa

### 10.1.3. CAMPUS DE VIGO

**Pavillón universitario**

- Pista polideportiva
- Sala de cardio-*fitness*
- Zona de tenis de mesa
- Rocódromo

**Zona deportiva exterior**

- Campo de fútbol (céspede artificial)
- Campo de rugby/fútbol (herba natural)
- Circuíto de footing
- Pista de atletismo
- Pista de petanca
- Pista polideportiva (con tres pistas de tenis)
- Pistas de tenis (2)

**Edificio técnico-administrativo**

- Sala de xadrez
- Sala de ioga
- Aula de seminarios

| OURENSE OCUPACIÓN ANUAL POR INSTALACIÓN DEPORTIVA | TOTAL | UNIVERSITARIOS/AS | COMPETICIÓNS INTERNAS | EXTERNOS/AS |
|---|---|---|---|---|
| PAVILLÓN PISTA CENTRAL | **13 716** | 1449 | 2061 | 10 206 |
| SQUASH | **1461** | 162 | 12 | 1287 |
| PISTA EXTERIOR DE TENIS | **4059** | 261 | – | 3798 |
| POLIDEPORTIVA | **2511** | 198 | – | 2313 |
| TENIS DE MESA | **3096** | 2632 | – | 464 |
| SINTÉTICO FÚTBOL-RUGBY | **31 230** | 22 140 | 2538 | 6552 |
| PISTA DE ATLETISMO | **8649** | 1729 | – | 6920 |

| VIGO OCUPACIÓN ANUAL POR INSTALACIÓN DEPORTIVA | TOTAL | UNIVERSITARIOS/AS | COMPETICIÓNS INTERNAS | EXTERNOS/AS |
|---|---|---|---|---|
| PAVILLÓN | **36 035** | 1310 | 11 145 | 23 580 |
| TENIS DE MESA | **1900** | 1850 | 30 | 20 |
| PISTA POLIDEPORTIVA | **1355** | 1300 | 55 | – |
| PISTAS DE TENIS | **423** | 340 | 38 | 45 |
| CAMPO SINTÉTICO | **26 020** | 520 | 10 150 | 15 350 |
| PISTA DE ATLETISMO | **785** | 250 | – | 535 |
| PRÉSTAMOS DE BICICLETAS | **460** | 460 | – | – |
| PETANCA | **18** | 18 | – | – |







| USOS DAS SALAS DE CARDIO-*FITNESS* | OURENSE | | | PONTEVEDRA | | | VIGO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL | HOMES | MULLERES | TOTAL |
| ALUMNADO | 10 236 | 3786 | 14 022 | 8733 | 2017 | 10 750 | 12 042 | 2540 | 14 582 |
| PAS/PDI | 978 | 327 | 1305 | 184 | 232 | 416 | 3317 | 695 | 4012 |
| NON UNIVERSITARIAS | 5056 | 3035 | 8091 | 75 | 77 | 152 | 3215 | 421 | 3636 |
| **TOTAL** | **16 270** | **7148** | **23 418** | **8992** | **2326** | **11 318** | **18 574** | **3656** | **22 230** |

## 10.2. RELACIÓN DE ENTIDADES USUARIAS

### 10.2.1. CAMPUS OURENSE

#### Pista polideportiva do pavillón

- Abo Júnior
- Equipo de baloncesto universitario Campus de Ourense
- Escola de voleibol
- ABO. Asociación de Baloncesto de Ourense
- Infantil feminino Blanco Amor
- Club Balonmán Auria
- Pavillón feminino de baloncesto
- Ofiteca F. S.
- Delegación Ourensá de Baloncesto
- Delegación Ourensá de Balonmán
- Consello Municipal dos Deportes (CMD)
- Pistas de tenis
- Escola Deportiva de Tenis
- Club Tenis Dereito-Empresariais
- Centro de formación TAFAD

#### Campos de fútbol

- Club Rugby Universitario
- Club Atletismo Aurum
- Federación Galega de Atletismo
- Tríatlon Room 04
- Cafetería Graduado
- Aurianet Rairo
- Pavillón F7
- Maristas Ourense
- Colexio A Purísima
- Empresa Montañesa
- C. D. Ourense
- Asociación Liga Fútbol Veteranos Ourense
- Café Aventura
- Asociación Fútbol 7 Ourense
- Delegación de Árbitros F. G.

#### Pista de atletismo

- Deportistas federados da provincia de Ourense
- Academia Foris
- Federación Galega de Atletismo
- Instituto A Farixa, módulo TAFAD
- Diario *La Región*

### 10.2.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA

- Club Baloncesto Arxil
- Garda Civil de Pontevedra
- Escola Hungaresa de Esgrima
- Ximnasio Ardeas-escola de ximnasia para persoas maiores

### 10.2.3. CAMPUS DE VIGO

#### Pista polideportiva do pavillón

- Liga metropolitana
- Celta de Baloncesto
- Baloncesto Puerto Vigo








- Residencia O Castro
- Citroën
- Lume Fútbol Sala
- Colexio Los Sauces
- Xestas de Baloncesto
- AA. VV. de Zamáns

### Campo de fútbol de céspede sintético

- Construcciones Carrera
- Vigo Rugby Club
- Viza Automoción
- Torneo Amistad
- Torneo Primavera
- Vigo en Xogo
- Federación Galega de Fútbol
- Colexio Los Sauces
- Escola Galega de Adestradores de Fútbol
- Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo
- Colexio Vigo
- Colexio O Castro International School

### Campo de rugby

- Vigo Rugby Club
- Instituto da Guía
- Colexio Los Sauces
- IES Auga da Laxe de Gondomar

### Pista de atletismo

- Academia Estudio
- Academia Fonseca
- Instituto da Guía
- Club de Atletismo Porriño
- Colegio de Árbitros de Vigo
- Iglesia Evangélica de Vigo
- Concello de Gondomar
- Club Alejandro Gómez
- Sociedad Atlética Val Miñor

## 10.3. CENTROS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS (AQA OURENSE E CDU AQA VIGO)

### 10.3.1. AQA OURENSE

O centro conta con dúas piscinas, unha de 25 m x 16 m e outra de 16 m x 9 m, un vaso de hidromasaxe de 16 m x 2 m, unha sala de actividades dirixida e outra de *fitness*, e tamén unha para masaxe.

Programa de actividades dirixidas: pilates, *aguagym*, GAP, *body tonic*, *step*, aeróbic, *fitball*, *aerobox* e *aerotono*.

Actividades acuáticas: natación para persoas adultas (iniciación e perfeccionamento), natación infantil (iniciación e perfeccionamento), actividades para bebés e matronatación.

### 10.3.2. CENTRO DEPORTIVO UNIVERSITARIO (CDU AQA VIGO)

Este complexo deportivo conta coas seguintes instalacións:

- Piscina de 25 metros
- Bañeira de hidromasaxe
- Sauna
- Unha pista de squash
- Unha sala de ciclo-*indoor*
- Unha sala de cardio-*fitness* de 140 m$^2$
- Unha sala de musculacion de 200 m$^2$
- Sala de actividades dirixidas de 200 m$^2$

Entre as actividades que se realizaron durante o curso 2013/2014 destacan:

- Liga universitaria de squash
- Clases de ciclo-indoor
- Clases de zumba
- Clases de *body balance*, *insane fitness*
- Clases de GAP, tonificación funcional e mantementos
- Bailes de salón
- Club *running*
- Aquagym
- Kick boxing e *full-contact*







Ademais destas actividades, leváronse a cabo outro tipo de iniciativas co fin de mellorar os servizos e animar os usuarios e usuarias a probar as distintas disciplinas deportivas. Entre elas destacamos:

- Masterclass Halloween (31 de outubro)
- Operación Quilo (do 1 ao 22 de decembro)
- Competición de Nadal na piscina para os nenos e nenas dos cursos de natación (14 de decembro)
- Masterclass pilates (18 de decembro)
- Portas abertas Warter Festival para nais, pais e crianzas (semana do 16 ao 22 de decembro)
- Xornadas de salvamento acuático para nenos e nenas (semana do 10 ao 16 de febreiro)
- Love Festival, entrada de balde para as parellas (14 de febreiro)
- Festa de Entroido, concurso de disfraces con agasallos (28 de febreiro)
- Portas abertas Warter Festival para nais, pais e crianzas (semana do 24 ao 30 de marzo)
- Celebración das Letras Galegas (16 de maio)
- Competición/exhibición de fin de tempada na piscina para escolares con invitación doutros centros de ensino (14 de xuño)
- Portas abertas Warter Festival para nais, pais e crianzas (semana do 16 ao 22 de xuño)
- Clases de iniciación ao kick boxing e *full-contact* con exames correspondentes de graos para crianzas e persoas adultas
- 1º Torneo de Press Banca

## 10.4. ESPAZOS NON CONVENCIONAIS

### 10.4.1. CAMPUS DE VIGO

A zona deportiva inclúe unha pista de terra compactada dun quilómetro de percorrido para practicar a carreira a pé.

Xa fóra do campus, na contorna próxima do parque forestal de Beade, foron sinalizadas dúas rutas para o seu percorrido en bicicleta de montaña.

Existe un plano para a práctica do deporte de orientación, que inclúe dúas partes diferenciadas: o interior do campus e unha trazada en 2013 que abarca a zona do parque forestal de Beade.

### 10.4.1. CAMPUS DE PONTEVEDRA

Cóntase tamén cun plano de orientación, que inclúe o campus universitario e a zona lindante da Illa das Esculturas.



# 11. COMUNICACIÓN WEB E REDES SOCIAIS

*"Un é todo o bo que poida adestrar". Usain Bolt*

## 11.1. PÁXINA WEB

Un total de 32 672 persoas entraron na páxina web e realizaron un total de 61 259 visitas. O tempo medio de visita é de tres minutos e medio aproximadamente e o número de páxinas consultadas é de catro (datos comprendidos entre o 01/07/2013 e o 30/06/2014).

## 11.2. REDES SOCIAIS

### 11.2.1. FACEBOOK

Este último ano continuouse cos labores de xestión da páxina de Facebook do Servizo de Deportes, e para promover a Carreira/Andaina 10 Km Cidade universitaria creouse unha nova páxina de temática *runner*.

No referente á páxina oficial (https://www.facebook.com/servizodeportesuvigo), no último ano pasamos das 1500 persoas seguidoras a máis de 2000.

As tres liñas fundamentais de contidos son promoción da práctica deportiva, saúde e deporte e sensibilización en valores e competencias profesionais. Publícanse vídeos, imaxes e novas, e engádense eventualmente curiosidades ou outra información relacionada.

A diario publícanse unha media de dúas/tres novas na biografía, acompañadas na súa meirande parte de redireccións e contido audiovisual, dependendo das actividades previstas na axenda. O alcance das citadas publicacións sitúase nas 500 persoas usuarias de media.

### 11.2.2. TWITTER

Foron publicados 1702 *tweets*, dos cales 643 están marcados como favoritos por parte dos nosos 289 seguidores e seguidoras. O noso perfil segue 125 contas.

As publicacións seguen a mesma liña temática que en Facebook, compartindo numerosa información e adaptándoa ao novo formato. En total publicáronse 105 vídeos e imaxes.

# 11. ARQUIVO DE PRENSA

*"Sempre haberá alguén que rompa os teus récords. É como vives a túa vida o que ao final conta". Earl Campbell*


VIGO DEPORTES

Los vigueses cuentan con todos sus jugadores a diez días de iniciar la Liga

## El Vigo Rugby se presenta con la ambición de crecer como club

La Voz de Galicia
**Rugby** 07-09-13


Universitas | Deportes

Atlántico

Axenda

## Os abonos básicos e combinados do Servizo de Deportes están dispoñibles

## Bota a andar a edición Outono 2013 de Augaventura

Atlántico
**Servizo de deportes e augaventura** 12-09-13


Universitas | Deportes

Atlántico

Axenda

## Auga, montaña e natureza pura na nova edición das Rutas Culturais

## Nove masterclass presentan música e deporte en Vigo



Atlántico
**Rutas culturais e Music+sport** 19-09-13


Universitas | Deportes

Atlántico

Axenda

## O Servizo de Deportes ofrece as informacións da web tamén en inglés

## Proba de orientación para integrar ao alumnado Erasmus

Atlántico
**Servizo de deportes e orientación** 26-09-13



# Estreno a lo matagigantes

La Voz de Galicia
**Rugby** 06-10-13



# El Vigo levanta las miras

La escuadra femenina del Universidade, abierta a nuevas jugadoras, aspira a convertirse en el segundo equipo de Galicia y no descarta la fase de ascenso

## La primera asignatura, el desconocimiento

La Voz de Galicia
**Rugby** 10-10-13



Universitas | Deportes
Atlántico

# Ruta cultural pola zona do Ribeiro con cata de viño incluida

A cita será o vindeiro 19 de outubro e os interesados poden inscribirse ata o día 18

# Concurso de microrrelatos baixo o título "Dálles paso"

O Servizo de Deportes conta coa colaboración da Unidade de Igualdade

Atlántico
**Rutas culturais e igualdade** 10-10-13



Universitas | Deportes
Atlántico

# O Campus ConVida preséntase un ano máis cheo de propostas

Tres obradoiros, stands itinerantes e rutas culturais son algunhas das actividades

# O Xadrez foi protagonista no campus de Ourense

Atlántico
**Campus ConVida e xadrez** 24-10-13

niversitas Deportes — Atlántico

Axenda

## Vigo e Pontevedra, conta atrás para acoller os Martes ConVida

Os que se achegan ás exposicións poderán avaliar o seu estado de saúde e os hábitos de vida



## Seis universidades estarán nos Xogos Galaico Durienses




Atlántico

**Campus ConVida e Xogos Galaico Durienses** 14-11-13



## La Universidad de Vigo vivió su gala deportiva

El edificio polideportivo del Campus de Ourense acogió la edición 22 de la entrega de premios

La Región

**Gala do deporte** 04-12-2013

niversitas Deportes — Atlántico

Axenda

## O Universidade de Vigo de xadrez comeza a liga con vitoria e novidades

No ámbito técnico, a Federación Galega de Xadrez elimina os "Play-off"



## Nova edición dos campionatos internos e galegos universitarios

Os meses de febreiro, marzo e abril repártense as distintas probas



Atlántico

**Xadrez e Campionatos universitarios** 16-01-14

Universitas Deportes — Atlántico

Axenda

## O Plan Prepara os 10 Km arrancou nos tres campus

A proposta consta de dúas fases, e a segunda está supervisada por Jorge Castro




## "Train and Talk" no deporte e no idioma que prefiras

Os interesados poden inscribirse en calquer momento no Servizo de Deportes



Atlántico

**10Km e Train and Talk** 23-01-14



DEPORTES

# Fallece Juanjo Crespo, exmédico celeste

El vigués, de 54 años, se encargó del primer equipo entre 2004 y 2007 ▶ Pasó en el Celta y la Universidad de Vigo, donde enseñaba ▶ Fernando Vázquez proclama su admiración

IN MEMORIAM

Compromiso y rigor

IN MEMORIAM

Un sabio del deporte

FARO DE VIGO
**Fisioterapia** 01-04-14



# El Campus Ourense ya es campeón

La Región
**Rugby** 08-04-14



DEPORTES

# Diez kilómetros hacia la felicidad

La prueba, que se disputa el próximo domingo, espera reunir 700 corredores

FARO DE VIGO
**10Km** 22-04-14



DEPORTES

# Deporte solidario

Los 10Km Cidade Universitaria financiarán un proyecto de Unicef

La carrera se celebrará el próximo domingo y la organización espera unos 700 participantes

Atlántico
**10Km** 22-04-14



VIGO DEPORTES

Atletismo Sandra Mosquera volvió al asfalto con triunfo

# Lolo Penas se impone en la carrera de la Universidad

La Voz de Galicia
**10Km** 28 -04-13



42 • DEPORTES

ATLETISMO • 10KM CIDADE UNIVERSITARIA

# Lolo Penas alcanza la felicidad en el CUVI

Sandra Mosquera reaparece tras su lesión y se impone en la categoría femenina de la cita universitaria

FARO DE VIGO
**10Km** 28-04-14



DEPORTES|ATLETISMO

# El feliz regreso de Mosquera

La atleta viguesa gana en su reaparición los 10 Km Cidade Universitaria, en los que Lolo Penas fue el más rápido

Atlántico
**10Km** 28-04-14



La Voz de Galicia | Domingo, 4 de mayo del 2014 | VIGO DEPORTES | L15

Rugbi Se impuso al Hernani por 41-26 en el último partido de Liga, que dominó de principio a fin

# El Vigo se carga de moral

La Voz de Galicia
**Rugby** 04-05-14



# El Campus, a por el ascenso

El Bosco, subcampeón

La Región
**Baloncesto** 06-05-2014



lcanzar la gloria

Cabeza y corazón

“Es algo más que una victoria”

FARO DE VIGO
**Rugby** 08-06-14



Tres pontevedreses representan a España en el Mundial Universitario

La Voz de Galicia
**Competicións universitarias** 07-07-14

# 13. DIRECTORIO E ENTIDADES COLABORADORAS

*"Talento, traballo e control mental. É todo. Non hai máis secredos". Valery Borzov*

## DIRECTORIO

Páxina web: www.deportes.uvigo.es
Facebook: www.facebook.com/servizodedeportes

### CAMPUS DE OURENSE

Pavillón universitario
A Lonia (Ourense)
Tfno.: 988 387 198
Fax: 988 368 297
Enderezo electrónico: depor-ou@uvigo.es
Páxina web: www.vicou.uvigo.es
Twitter: twitter.com/SDUvigoOU

### CAMPUS DE PONTEVEDRA

Pavillón universitario
Rúa da Cruz Vermella s/n (Pontevedra)
Tfno.: 986 802 088
Fax: 986 862 319
Enderezo electrónico: depor-po@uvigo.es
Páxina web: www.campuspontevedra.uvigo.es

### CAMPUS DE VIGO

Edificio do Servizo de Deportes
Campus de Vigo
As Lagoas, Marcosende (Vigo)
Tfno.: 986 812 182
Fax: 986 814 061
Enderezo electrónico: deportes@uvigo.es
Twitter: twitter.com/servizodeportes

### RESERVA DE INSTALACIÓNS

Tfno.: 986 814 059
Enderezo electrónico: pavillon@uvigo.es

## ENTIDADES COLABORADORAS


memoria de
actividades
deportivas
CURSO
2013
2014
www.deportes.uvigo.es
Servizo de Deportes
UniversidadeVigo
AENOR
Gestión Ambiental